



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión ordinaria do 22 de xullo de 2022 (1254/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de xullo de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña e a interventora adxunta, Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(619).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 07/07/2022. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. alcalde-presidente.

2(620).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SOPORTE E DESENVOLVEMENTO EN TYPO3. EXPTE. 9825/113.

Visto o informe xurídico do 13/07/2022 e o informe de fiscalización do 18/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Admon. Electrónica, pola concelleira delegada de área e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 22/03/2022 o Xefe de servizo de Administración Electrónica, iniciou o expediente coa finalidade da contratación do servizo de soporte e desenvolvemento en TYPO3.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/03/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal con data 23/03/2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria xustificativa do contrato de data 06/06/2022, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e informe técnico complementario de data 23/06/2022.

- Memoria económica do contrato de data 05/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 11/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 12/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada polos decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e 16/04/2021 e acordos da Xunta de Goberno Local de datas 20/06/2019, 04/07/2019, 11/07/2019, 05/09/2019 e 18/08/2020 e posteriores modificacións. A concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal mediante resolución de data 07/04/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na Memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116, 131 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte e desenvolvemento en TYPO3, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/03/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal con data 23/03/2022.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 06/06/2022, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e informe técnico complementario de data 23/06/2022.
- Memoria económica do contrato de data 05/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 11/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 12/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de **24.200,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **4.200,00 €**, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida	base	ive	total
2022	9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS)	6.666,67 €	1.400,00 €	8.066,67 €
2023	9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS)	13.333,33 €	2.800,00 €	16.133,33 €
TOTAL		20.000,00 €	4.200,00 €	24.200,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(621).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA RECURSOS COMPLEMENTARIOS DOS MUNICIPAIS DESTINADOS Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTACIÓN DE PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 236911/301.

Visto o informe xurídico do 04/07/2022 e o informe de fiscalización do 07/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 30/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, polo xefe de Área, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.1. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.2. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside precisamente a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.3. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ten intención de seguir a traballar conxuntamente coa “Asociación La Sal de la Tierra”; entidade sen ánimo de lucro que presta un servizo inestimable no tocante á atención das necesidades básicas de persoas en estado de necesidade mediante o comedor social que ten en funcionamento na rúa Manuel de Castro e o servizo de reparto de alimentos. Estímase conveniente programar a continuación da colaboración iniciada entre as partes en 2020 para o período 2022 – 2025.

I.4. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “*Convenio Comedor La Sal de la Tierra*” (10.000€). As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (outros 10.000€/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos fixados e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.6. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre ou-

tras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.7. Artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne, de ser o caso, nos correspondentes orzamentos municipais.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2022 – 2025 entre a Concellería de Política de Benestar Social e a “Asociación La Sal de La Tierra” (CIF G-03542362) para o sostemento do seu comedor social e servizo de reparto de alimentos; recursos complementarios dos municipais destinados á atención das necesidades básicas de alimentación de persoas en estado de necesidade.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 40.000€, a razón de 10.000€/ano, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 - “*Convenio Comedor la Sal de La Tierra*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA” PARA O SOSTEMENTO DO SEU COMEDOR SOCIAL E SERVIZO DE REPARTO DE ALIMENTOS (2022 – 2025)».

En Vigo, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Jose Luis Moracho Cupido, con DNI n.º 51.597.432-Z, Secretario da «Asociación La Sal de La Tierra» a nivel nacional e director da sede en Vigo, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Manuel de Castro n.º 9, baixo (CP 36210).

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. José Luis Moracho Cupido, actuando en representación da «Asociación La Sal de La Tierra» (CIF G-03542362), segundo así resulta da documentación achegada ó Exp. n.º 236914/301, asegurando o comparecente que as facultades expresamente conferidas pola Asemblea xeral da Asociación para a sinatura deste convenio non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a «Asociación La Sal de La Tierra» é unha entidade sen ánimo de lucro inscrita no Rexistro municipal de Asociacións co n.º 349/94 e no RUEPSS da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (E-1451) que ten entre os seus obxectivos a atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social. A Asociación céntrase na atención ás necesidades básicas das persoas excluídas ou en risco de exclusión social que residen temporal ou de forma permanente en Vigo, proporcionándolles prioritariamente alimentación a través dun comedor social e dun servizo de reparto de alimentos.

II.- Que o comedor social da rúa Manuel de Castro, dependente da «Asociación La Sal de La Tierra», constitúe un valioso recurso ó servizo de moitas persoas en situación de necesidade e complementa os servizos sociais de atención primaria da cidade; especificamente, os dispositivos xa existentes desta mesma natureza.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que precisa acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións minimamente dignas, sendo complementario dos recursos propios dos servizos sociais do Concello como, por exemplo, o comedor social do Albergue – CIIES da rúa Marqués de Valterra e os comedores doutras entidades, asociacións e fundacións, coas que xa se ten chegado a acordos de cofinanciamento semellantes.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos



Concello de Vigo

sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2022, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación La Sal de La Tierra» para o sostemento do seu comedor social na rúa Manuel de Castro desta cidade e servizo de reparto de alimentos.

SEGUNDA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo na atención e promoción das persoas en situación de desvantaxe social e, concretamente a:

- 1) Xestionar o funcionamento dun comedor social, de luns a venres durante todo o ano (agás no mes de agosto) e un servizo de reparto de alimentos para a atención de persoas en situación ou risco de exclusión social con necesidades de manutención que residen temporal ou permanentemente neste Concello, sen distinción ideolóxica, relixiosa ou étnica. Ó comedor poderán acudir as persoas directamente ou derivadas polos servizos sociais de atención primaria do Concello.

- 2) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades previstas e aboar as taxas, impostos e demais gastos derivados da súa execución.
- 3) Presentar nos prazos que establece o Convenio as Memorias xustificativa e económica e a demais documentación requirida.
- 4) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Asociación La Sal de La Tierra» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 10.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 40.000€. O gasto en 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.13 – “*Convenio Comedor la Sal de La Tierra*”. As achegas correspondentes a futuros exercicios estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos municipais.

CUARTA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.



Concello de Vigo

SÉXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos fixados e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e instrumentarase mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO TERCEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da

«Asociación La Sal de La Tierra» e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO CUARTA.- A «Asociación La Sal de La Tierra» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria, de protección de datos de carácter persoal e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable exclusiva dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO QUINTA.- A Asociación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
 2. Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.



Concello de Vigo

3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
4. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SÉTIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO OITAVA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO NOVENA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

VIXÉSIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VISÉXIMO PRIMEIRA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VISÉXIMO SEGUNDA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO TERCEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución



Concello de Vigo

dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

POLO CONCELLO DE VIGO
A CONCELLEIRA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL,
Asdo.: Yolanda Aguiar Castro

Perante mín,
A SECRETARIA DE ADMÓN. MUNICIPAL,
Asdo.: Susana Gallardo Fariña

POLA «ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA»,
Asdo.: José Luis Moracho Cupido

4(622).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APOIO AO CENTRO MUNICIPAL PARA O TRATAMENTO DAS DROGODEPENDENCIAS, CEDRO, QUE INCLÚE A UNIDADE ASISTENCIAL DE DROGODEPENDENCIAS (UAD) E A UNIDADE DE DÍA (UD). EXPTE. 2896/315.

Visto o informe xurídico do 30/06/2022 e o informe de fiscalización do 12/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/07/2022, asinado polo asesor xurídico adxunto, área de Benestar Social, polo xefe de CEDRO, polo xefe de área de Benestar Social, pola concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.10.2019, adxudicar á “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.” (A-79022299) o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO – Concello de Vigo, por un prezo total de 2.367.803,53€.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 27.11.2019, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que era de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2019, mediante dúas (2) prórroga dun (1) ano de duración cada unha delas.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. Tramítase agora o expediente administrativo co nº 2896/315 (2022) do Servizo de CEDRO e consta nel (e no expediente relacionado nº 2740/315) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 31.05.2022, ordeando a incoación de expediente administrativo para a autorización expresa da 1ª prórroga do contrato.
- Comunicación oficial ó actual contratista do inicio do expediente administrativo da 1ª prórroga do contrato en vigor (trámite CRO n.º 9).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (constan no Exp. nº 2740/315; trámites núms. 321 e 83, respectivamente).

II. NORMATIVA RELACIONADA

3. CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
4. EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
5. LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
6. L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
7. L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
8. L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
9. LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
10. ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
11. LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
12. LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
13. LXXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
14. TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
15. LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
16. RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
17. RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
18. TRLRFL (RD.Lex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
19. Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.



Concello de Vigo

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúisen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRIMEIRA (1ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Preceptúa o Art. 29.1 da LCSP que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a

necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establece un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos desde o 01.12.2019. Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO (responsable das cuestións prácticas relativas á marcha do Servizo e da emisión das directrices ó/á coordinador/a do contratista) como a Xefatura de Área e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun servizo indispensable para a atención das persoas drogodependentes usuarias de CEDRO.

III.2.6. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 27.11.2019, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.7. O gasto representado por esta prórroga, que é de 789.267,84€ (65.772,32€ do 01.12.2022 ó 31.12.2022 + 723.495,52€ do 01.01.2023 ó 30.11.2023), podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 3112.227.99.01 dos orzamentos municipais.

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).



Concello de Vigo

IV. CONCLUSIONÍS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 27.11.2019 polo Concello de Vigo coa entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A .”, toda vez que:

- a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución do servizo sanitario asistencial de CEDRO permanecerán inalterables.
- d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- e) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2022 e ata o 30.11.2023, o contrato de servizos sanitario asistencial de CEDRO, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.10.2019 á entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” (A-79022299) por un prezo de 2.367.803,53€ e formalizado en documento administrativo o 27.11.2019, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017), na cláusulas 4 do contrato e nas cláusulas 7 e Apdo. 4.c] das FEC do PCAP. O contrato prorrógase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 789.267,84€ que representa esta prórroga a favor de “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.99.01, correspondendo 65.772,32€ ó exercicio de 2022 (do 01.12.2022 ó 31.12.2022) e 723.495,52€ ó exercicio de 2023 (do 01.01.2023 ó 30.11.2023).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(623).- PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL. EXPTE. 5480/106.

Visto o informe xurídico do 18/07/2022 e o informe de fiscalización do 19/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro delegado de área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente de 14 de agosto de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A. o procedemento aberto para contratación da redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 (5.480-106) coas seguintes condicións: - O prezo total do contrato é de 2.474.614,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 429.478,56 euros.

** Comprométese a achegar as seguintes melloras:*

- Incrementa o número de arcos en relacións cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 60 unidades e coa seguinte distribución: 46 ARC 06; 14 ARC 08

- Incrementa o número de motivos en relación cos incluídos no anexo II do PPT na cantidade de 130 e coa seguinte distribución: 118 MOT-09; 12 MOT-49

- Instalación dos seguintes elementos complementarios para o acto do acendido da iluminación do Nadal:

equipo de son equipo audiovisual, equipo de iluminación escenario

- Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 5%.

- Comprométese á colocación de rótulos luminosos a catro caras na parte alta da torre da Casa do Concello de Vigo, sendo a superficie a iluminar de 108m².

- Iluminación en árbores ou elementos naturais existentes distribuídos en distintos puntos da cidade: 10 unidades.

Achega certificado de calidade ISO 9001 e certificado de calidade ambiental 14001.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

En data 07/09/2018 asinouse contrato administrativo entre o Concello e a mercantil ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A por un período de tres anos, contados a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo (07/09/2018). Así mesmo, están contempladas dúas prórrogas de un ano de duración cada unha, previo acordo expreso do órgano de contratación, a proposta do servizo de Comercio:

1ª: 01/08/2021 ao 31/07/2022

2ª: 01/08/2022 ao 31/07/2023



Concello de Vigo

Con data 31 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno Local acordou na súa sesión ordinaria autorizar o gasto correspondente á modificación, que imputará á aplicación orzamentaria 4310 2279900 “Instalación e mantemento da iluminación do Nadal, e se distribuirían orzamentariamente da forma seguinte:

Ano de aplicación	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2019	104.181,00	4,21 %
Ano 2020	104.181,00	4,21 %
Total	208.362,00	8,42 %

Con data 5 de novembro de 2021 a Xunta de Goberno Local acordou na súa sesión ordinaria:

“1º Modificar o contrato de redacción do proxecto decorativo de iluminación e subministro dos elementos decorativos, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos lumínicos ornamentais nas Campañas do Nadal 2018-2019, 2019-2020 e 2020-2021 nos termos que constan no informe do xefe do Servizo de Comercio de data 15 de outubro de 2021. Esta segunda modificación consistirá nun incremento de arcos e motivos luminosos navideños nos termos sinalados no citado informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 38.000,00 euros que se distribuirían nas seguintes anualidades:

Anualidade	Importe	% Adxudicación do prezo do contrato
Ano 2021	30.400,00 € (80%)	1,23%
Ano 2022	7.600,00 € (20%)	0,31%
Total		1,54 %

O citado importe imputarase á aplicación orzamentaria 4310 2279900 “Instalación e mantemento da iluminación do Nadal”.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 13 de maio de 2021, adoptou o acordo de prorrogar a primeira anualidade do contrato para a campaña 2021-2022, o cal executouse de conformidade as condicións establecidas no mesmo.

Atendendo aos prazos de execución e prórroga do contrato enriba referenciado, e en cumprimento dos prazos de preaviso da prórroga deste previstos na cláusula 4.c das FEC, consta no expediente comunicación deste servizo á ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A de data 08/02/2022 interesando a prórroga do contrato.

A tal fin e previo ao acordo de aprobación da prórroga, deberá presentar antes do 01/03/2022 o correspondente proxecto de iluminación decorativa da presente anualidade.

Con data 23/02/2022 a empresa Iluminaciones Ximénez, S A achega a proposta de iluminación para a Campaña do Nadal 2022-2023, doc. 220040446 e doc. 220040460.

Con data 15/06/2022 a empresa Iluminaciones Ximénez, S A achega modificacións á proposta de iluminación para a Campaña do Nadal 2022-2023, doc. 220130508 e doc. 220130512.

Con data 28/06/2022 o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais resolveu aprobar o proxecto de iluminación decorativa presentado polo contratista Iluminaciones Ximénez, S A con data 15/06/2022, doc. 220130508 e doc. 220130512, para a Campaña de Nadal 2022-2023.

O novo proxecto presentado cumpre coas data límite prevista de presentación do 01 de marzo regulada no apartado 4 das FEC, sendo aprobado este por resolución do concelleiro da Área con data 22 de xuño de 2022, cumprindo en consecuencia ca data límite do 31 de xullo da correspondente anualidade prevista nas FEC.

Segundo a cláusula cuarta do contrato asinado o prazo do contrato << *é de tres anos, contados a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo. Están contempladas dúas prórrogas de un ano cada unha.*>>

A cláusula 4.C da FEC sinala que o contrato poderá ser obxecto de dúas prórroga de un ano de duración cada unha, previo acordo expreso do órgano de contratación, a proposta do servizo de Comercio. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o adxudicatario sempre que se lle preavise antes do 31 de maio da correspondente anualidade (con dous meses de antelación á finalización do contrato).

Xustifícase a necesidade de aprobar a prórroga do contrato co fin de complementar a programación da Campaña do Nadal 2022-2023, sendo conforme ao interese xeral continuar con esta prestación a fin contrarrestar a situación económica derivada da influencia negativa da post pandemia polo COVID-19, e grave crise económica internacional que estamos a vivir a consecuencia da invasión militar rusa en Ucraia, conflito armado este que está provocando elevada inflación entorno ao 8 % derivada da escalada de prezos dos combustibles (gas, electricidade, gasóleo...), xunto co desabastecemento de materias primas e produtos importados de consumo (cereal, aceite de xirasol...), que incide nunha caída fulminante da facturación a consecuencia da diminución do poder adquisitivo, unido ao descenso do consumo pola incertidume e medo do consumidor que afecta notablemente ao sector industrial, servizos, transporte, hostalería e comercio.

A última enquisa de Ocupación Hoteleira publicada polo INE coroa Vigo como o destino peninsular cunha maior taxa de ocupación no mes de decembro de 2021, contabilizándose 38.145 visitantes na cidade, o que supón 30.000 máis que hai un ano



Concello de Vigo

tendo en conta as restricións de mobilidade vixentes. Este crecemento do 400% susténtase tanto nos 33.588 viaxeiros nacionais (+26.350) como nos 4.557 chegados do estranxeiro durante estas datas. Así mesmo, as pernoctas triplicáronse con respecto ao ano anterior, chegando a 72.220. O viaxeiro nacional tivo maior peso con 64.721 (+45.790) mentres que o estranxeiro mellorou as súas cifras 288% ata as 9.500 noites.

Ademais, os hotéis da cidade pechan o curso con 291.428 viaxeiros, o que supón un crecemento do 107% respecto ao nefasto 2020. Este aumento susténtase no empuxe tanto do turismo nacional (238.753) como do estranxeiro (52.675). Nas pernoctas recupérase máis da metade do perdido no anterior ano e crecen ata 634.220 as reservas con 522.323 de españois e 111.897 do estranxeiro.

Dacordo aos datos oficiais (INE), e a partir da análise econométrica das series temporais de pernoctas, o gasto medio estimado destas persoas é de 4.728.868 €.

De feito, e tendo en conta a repercusión mediática acadada durante os últimos anos, as Festas do Nadal poden definirse como un dos eventos anuais de maior atractivo para cidadanía e o comercio na cidade de Vigo, acadando unha ampla repercusión a nivel nacional con cifras, durante a Campaña 2019/2020, de 675 M de audiencia, 2.935 impactos en medios de comunicación cun valor publicitario de 14.974,978 € e un valor comunicativo de 54.807.526 €; na pasada Campaña 2020/2021, e pese ao descenso producido polos efectos da pandemia, obtivéronse unha cifras, non menos importantes, de 1.300 noticias, 770 M de audiencia, cun valor económico de 7.264.077 € e un valor de comunicación de 21.792.231 €

Así mesmo, o contrato vense desenvolvendo conforme ás condicións pactadas no contrato e coa conformidade desta administración.

En cumprimento do disposto nos artigos 113 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 318.2 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, disposición adicional oitava da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e no apartado 8 da D.A. 2ª do texto refundido da Lei de contratos do sector público, deberase incorporar ao expediente informe xurídico previo á aprobación polo órgano de contratación.

Así mesmo, establécese que no expediente incorpóranse os certificados de existencia de crédito, e informe da fiscalización previa pola Intervención Xeral, previo a aprobación polo órgano de contratación.

A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartados 3º e 8º do texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Polo anteriormente exposto e ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, e previo informe xurídico, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación a adopción do seguinte **acordo**

“PRIMEIRO.- Aprobar a segunda, e última, prórroga anual do contrato **DE SUBMINISTROS E SERVIZOS DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DA CIDADE DE VIGO NA CAMPAÑA DO NADAL 2022-2023** dende o 1/08/2022 ata o 31/07/2023 adxudicado a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de **967.052,52 €** (IVE incluído) a favor de ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S A. con cargo á partida 4310 2279900 “INSTALACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMEADO DE NADAL”, **conforme as** seguintes anualidades de gasto:

-Ano 2022:

ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 770.423,37 €.

-Importe contrato inicial: 656.678,57 €

-Importe do 1º modificado: 83.344,80 €

-Importe do 2º modificado: 30.400 €

-Ano 2023:

-ILUMINACIONES XIMÉNEZ, SA: 196.629,15 €.

-Importe contrato inicial: 168.192,95 €

-Importe do 1º modificado: 20.836,20 €

-Importe do 2º modificado: 7.600 €

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(624).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓN DA AMPLIACIÓN DA ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL 2022-2023. EXPTE. 8674/106.

Vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 18/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Comercio, polo concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución de data 05/05/2022 o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministros da ampliación da iluminación decorativa de Vigo na Campaña do Nadal 2022-2023.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade** asinado polo xefe do Servizo de Comercio en data 02/05/2022 e polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 05/05/2022.



Concello de Vigo

- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais en data 05/05/2022 e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda en data 06/05/2022.
- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións nº 202200055288 -RC- e 202200055289-RCFUT1 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención con data 27/05/2022.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP) asinado pola enxeñeira técnica industrial e polo xefe do Servizo de Comercio en data 28/06/2022.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de 26/05/2022.
- **Memoria económica** asinada polo xefe do Servizo de Comercio, polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 01/07/2022.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo xefe de Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais de data 14/07/2022.
- **Informe da xefa do Servizo de Contratación** de data 14/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación da subministración e a prestación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, de data 14/07/2022.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro delegado da Área de Parques, Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especias mediante resolución de data 05/07/2022 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, se tramita como un contrato mixto, de servizos e subministro. Así, tendendo ao volume das actuacións definidas anteriormente, debe considerarse que os servizos e o traballo do proceso decorativo, así como o servizo de instalación, mantemento e desmonte dos elementos luminosos instalados, ten unha incidencia aproximada no orzamento total do

contrato dun **75,20 %** do custe, mentres que os procesos derivados da subministración en réxime de alugueiro dos diversos elementos luminosos estímase nun **24,80 %** do custe total do contrato.

Terceiro.- O presente contrato está suxeito a regulación harmonizada toda vez que o seu valor estimado supera os 221.000 euros (artigo 22 da LCSP).

Cuarto.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Quinto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Sexto.- Na memoria xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sétimo.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Octavo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

Noveno.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para **contratar contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministros da ampliación da iluminación decorativa de Vigo na Campaña do Nadal 2022-2023.**

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 28/06/2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de **780.837,20 €**, que inclúe un IVE de 135.517,20 € , desde o 1 de outubro de 2022 ata o 31 de xaneiro de 2025, o cal se imputará a partida 4310.2279900 “Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal”



Concello de Vigo

Ano	Período	Importe
2022	1 de outubro de 2022 ata 31 de decembro de 2022	624.669,76 euros
2023	1 de xaneiro de 2023 ata 31 de xaneiro de 2023	156.167,44 euros
TOTAL		780.837,20 euros

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(625).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 5266/241.

Dáse conta do informe-proposta do 18/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Contratación:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RLCSP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 15 de xuño de 2019, constituíuse a nova corporación local, tras as eleccións municipais celebradas o 26 de maio do mesmo ano.

Segundo.- En data 17 de xuño de 2019 constituíuse a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación do Concello, ao abeiro do disposto no apartado 3 da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Terceiro.- En data 4 de xullo de 2019 a XGL aprobou a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

Cuarto.- En data 13 de xaneiro de 2022 a XGL aprobou a modificación da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo. Na actualidade, por mor de cambios organizativos que afectan aos membros da Mesa, resulta preciso modificar a súa composición.

Quinto.- En data 23 de xuño de 2022 a XGL aprobou a modificación da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo. Na actualidade, por mor da renuncia da súa acta de concelleiro de D Jesús Mraco González Castillo designase como suplente do grupo municipal do Partido Popular a Da Carlota Bartolomé Tocino, resulta preciso modificar a súa composición

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- I -

DA OBRIGATORIEDADE DA CONSTITUCIÓN DUN ÓRGANO DE ASISTENCIA Ó ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación deberá ser asistido por unha Mesa de contratación nos procedementos abertos, aberto simplificado, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación (artigo 326.1 LCSP), que será o órgano competente para o exercicio das seguintes funcións:

- a) A cualificación da documentación que acredite o cumprimento dos requisitos previstos nos artigos 140 e 141 da LCSP e, no seu caso, acordar a exclusión de candidatos ou licitadores que non acrediten este cumprimento, previo trámite de emenda
- b) A avaliación das proposicións dos licitadores.
- c) Se procede, a proposta relativa á cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, tras a tramitación do procedemento a que se refire o artigo 149 da LCSP.
- d) A proposta ao órgano de contratación da adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de acordo co previsto no artigo 145 da LCSP, segundo proceda de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación.
- e) No procedemento restrinxido, no diálogo competitivo, na licitación con negociación e na asociación para a innovación, a selección de candidatos



Concello de Vigo

cando así delegue o órgano de contratación, facéndoo constar no prego de cláusulas administrativas particulares.

-II-

COMPOSICIÓN DA MESA

A Mesa estará constituída por un Presidente, os vogais que se determinen regulamentariamente, e un Secretario (artigo 326.2 LCSP). O Secretario deberá ser designado entre funcionarios ou, no seu defecto, outro tipo de persoal dependente do órgano de contratación, e entre os vogais deberán figurar necesariamente un funcionario dos que teñan atribuído legal ou regulamentariamente o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un interventor, ou, a falta de estes, unha persoa ao servizo do órgano de contratación que teña atribuídas as funcións correspondentes ao seu asesoramento xurídico, e outra que teña atribuídas as relativas ao seu control económico-orsamentario (artigo 326.5 LCSP).

No caso das corporacións locais, a disposición adicional 2ª.7 da LCSP establece unha composición mínima e obrigatoria das mesas de contratación das Entidades Locais. En cumprimento desta disposición, é preciso proceder ao nomeamento dos membros que formarán parte da Mesa permanente do Concello de Vigo.

Consonte ao citado artigo “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-presupostario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación”.

A lei veda que o persoal eventual forme parte da Mesa e so permite que se integren na súa composición funcionarios interinos cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente (DA 7ª LCSP). No presente caso procederáse ao nomeamento de funcionarios de carreira exclusivamente.

A competencia para o nomeamento dos membros da Mesa de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 LCSP).

-III-

DO CARÁCTER PERMANENTE DA MESA DE CONTRATACIÓN

A LCSP permite que se constitúan Mesas de Contratación Permanentes para as corporacións locais (DA 7ª LCSP), polo que parece adecuado, para darlle estabilidade ao órgano de apoio en materia de contratación deste Concello, proceder á constitución dunha mesa permanente. Ilo sen prexuízo de que se poidan nomear Mesas específicas para determinados expedientes, cando así o considere oportuno o órgano de Contratación, e xustifique as circunstancias que o motivan no correspondente expediente.

-IV-

PUBLICIDADE

A lei esixe que a composición da Mesa de Contratación se publique no perfil de contratante do órgano de contratación (artigo 326.3 e DA 7ª LCSP). Este está aloxado na Plataforma de contratación do sector público (artigo 63 LCSP).

Para dar maior publicidade á composición da Mesa publicarase ademais no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

-V-

COMPETENCIA

A competencia para acordar a composición da mesa de contratación permanente e as súas normas de funcionamento correspóndelle á Xunta de Goberno Local (artigo 326.4 e apartado 4º da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local, como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vigo.

A Mesa de Contratación quedará formada polos seguintes membros:

1. Presidenta: Dª Patricia Rodríguez Calviño, concelleira delegada de Contratación

- Suplentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez, Dª. Elena Espinosa Mangana, Dª. Nuria Rodríguez Rodríguez, Dª Iolanda Aguiar Castro e D. Abel Fermin Losada Álvarez.*

2. Representante do grupo municipal do Partido Popular: D. José Alfonso González Marnotes



Concello de Vigo

- *Suplentes: D^a. Carlota Bartolomé Tocino e D^a. Patricia López Román*

3. Representante do grupo municipal mixto: D. Rubén Pérez Correa

- *Suplentes: D^a. Oriana Méndez Fuentes*

4. Titular da Asesoría Xurídica. D^a. Margarita Parajó Calvo

Suplentes:

- *D^a. Susana García Álvarez, técnica de Administración Xeral, letrada xefa de Asesoramento*
- *D. Pablo Olmos Pita, técnico de Administración Xeral, letrado especialista na orde social, civil, contenciosa e mercantil*
- *D. Xesús Costas Abreu, técnico de Administración Xeral, xefe da Área Xudicial*

- *D^a. María Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica.*
- *D^a. Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica.*

5. Interventor xeral: D. Alberto Escariz Couso

Suplentes:

- *D^a Olga Gómez Corbal, interventora xeral adxunta*
- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

6. Vogal: D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación

Suplentes:

- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

7. Vogal: D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección de Ingresos

Suplentes:

- *D^a. Dolores Hernández Vidal, xefa do Servizo de Fiscalización*
- *D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, técnica de Fiscalización e Control Financeiro*
- *D. Javier Muradás Blanco, técnico medio dos Servizos Económicos da Intervención Xeral*

8. O/a xefe/a do servizo ou área xestora, ou o técnico que designe.

9. Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, técnica de Administración xeral

Suplentes:

- *D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación*
- *D^a. María Dolores Sotelo Gallego, técnica de Administración xeral*
- *D^a. Carmen Pintado Garcia, técnica de Administración xeral, xefa do Servizo de Transportes*

Segundo.- Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Comunicar este acordo aos membros da Mesa de Contratación para os efectos oportunos”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(626).- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO DE FLORES PARA ACTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO (LOTES 2, 3 E 4). EXPTE. 18923/101.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/07/2022, asinado pola técnica de Admon. Xeral do Servizo de Contratación, pola xefa do servizo e pola concelleira-delegada de Contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE



Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación .

Segundo.- Na sesión da mesa de contratación de data 2 de xuño de 2022 acórdase non admitir a D. Manuel Rosario González dos lotes 1, 2, 3 e 4 deste procedemento por ter presentado a súa proposición fóra do prazo de presentación que remataba o 25 de maio de 2022 ás 23:59 horas, incumprindo o disposto na cláusula 15.1 do PCAP (“A documentación presentárase dentro do prazo fixado no anuncio da licitación”).

Asemade, na sesión da mesa de contratación de 8 de xuño de 2022 acórdase non admitir a D^a. M. Desiré Pereira Moreira (lotes 1 e 2) por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Finalmente, na sesión da mesa de contratación do 16 de xuño de 2022 acórdase excluír a D^a. Bárbara Figueroa Caride dos lotes 2, 3 e 4 por apartarse do modelo de proposición (artigos 139 da Lei 9/2017, do 8 de novembro e 84 do RD 1098/2001, do 12 de outubro) ao incorporar uns anexos que entran en contradición cos prezos ofertados, por apartarse do PPT nos lotes 2 e 4 e por introducir prezos condicionados (“a concretar”) que poden exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (lote 3) (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.2C do PCAP).

Terceiro.- Con data do 14 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar o procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (Lote 1) a D^a. Bárbara Figueroa Caride (NIF-36166650R) o lote 1

“Centro decorativo para vodas, acollementos civís ou eventos institucionais” do Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo acordouse por parte da mesa de contratación, para o lote 2 non admitir a dous dos tres licitadores presentados e, asemade, excluír ao terceiro licitador e para os lotes 3 e 4 non admitir a un dos dous licitadores presentados e excluír ao segundo licitador, polo que compre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto aberto para a contratación do subministro de flores para actos institucionais do Concello de Vigo (18.923-101) para o lote 2 (“Centros decorativos para escenarios en actos ou eventos institucionais”), o lote 3 (“Ramos/centros conmemorativos ou funerarios”) e o lote 4 (“Coroas conmemorativas ou funerarias”) polos motivos establecidos no fundamento xurídico primeiro.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(627).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS Á MELLORA E ADECUACIÓN DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE VIGO. EXPTE. 21185/333.

Visto o informe xurídico do 08/07/2022 e o informe de fiscalización do 15/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/07/2022, asinado polo xefe do Servizo



Concello de Vigo

de Deportes-director deportivo, polo adxunto á Xefatura de Deportes-director técnico e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 06 de xullo de 2022 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Adxunto do xefe do servizo-director técnico, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, sobre un máximo de 170 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Polo tipo de actuación en función da liña subvencionable:

20. Liñas 1 e 2:

1. Obras de primeiro establecemento. Ata 75 puntos.
 - 20 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 80.000,00€
 - 40 puntos para proxectos de importe de entre 80.000,01€ e 120.000,00€
 - 75 puntos para proxectos de importe superior a 120.000,00€
2. Obras de reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente. Ata 25 puntos.
 - 10 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 50.000,00€
 - 15 puntos para proxectos de importe de entre 50.000,01€ e 60.000,00€
 - 25 puntos para proxectos de importe superior a 60.000,00€

b) Liñas 1 e 2: Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 10 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

c) Liñas 1 e 2: Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó

- total de licencias deportivas en Vigo.
 - Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
 - Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- f) Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2021/2022.

A esta convocatoria presentáronse un total de 2 solicitudes (1 na liña 1 e 1 na liña 2), que foron admitidas segundo se detalla no anexo I.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de:

- Liña 1: 105 puntos.
- Liña 2: 67 puntos.

Tendo en conta o importe total da convocatoria para cada unha das liñas e o total de puntos acadados, o valor unitario de cada punto se concreta en:

Importe Liña 1	Total puntos liña 1	Valor punto liña 1
150.000,00€	105	1.428,57€
Importe liña 2	Total puntos liña 2	Valor punto liña 2
65.000,00€	67	970,15€

Cumprimento base 8ª:

Tal como establece a cláusula 8ª das bases da convocatoria, os importes propostos para cada unha das entidades non supera, en ningún dos casos, o 75% establecido como límite subvencionable do custo efectivo das actuacións realizadas, tal como se detalla a continuación:

LIÑA 1: CENTROS EDUCATIVOS:

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVENCIONADO
21665-333	1	FOMENTO CENTROS DE ENSEÑANZA S.A.	A8126597	105	150.000,00 €	239.713,18€	62,57%

LIÑA 2: ENTIDADES TITULARES DE INSTALACIÓNS PRIVADAS:

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVENCIONADO
21666-333	1	CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL	G36743433	67	37.143,98 €	49.525,30€	75,00%

Cumprimento Base 5ª:

Os proxectos presentados polas entidades solicitantes de subvención foron sometidos á comprobación e informe por parte dos arquitectos municipais do cumprimento das obrigas e consideracións establecidas no apartado 3 da cláusula 5ª das bases, referidas ós terreos, ás edificacións e ós proxectos, resultando que:

Nº EXPTE	ENTIDADE
21665-333	FOMENTO CENTROS DE ENSEÑANZA S.A.CIF: A8126597



Concello de Vigo

Proxecto básico de equipamento deportivo no Colexio de Fomento Montecastelo Graderío con vestiarios integrados. Rúa Paz Pardo. Lavadores. Arquitecto: Pablo Ledo Pérez

- O terreo no que se pretenden executar as obras conta coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación resultante compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- O proxecto conta cun orzamento total de 239.716,18 Eur (IVE incl.), resultando un importe superior a 40.000,00 Eur,
- O proxecto NON CONTA coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística.
- O proxecto inclúe medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.
- A comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e da inscrición no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia terá que efectuarse polo Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Nº EXPTE	ENTIDADE
21666/333	CLUBE DE FÚTBOL SAN MIGUEL CIF: G36743433

Memoria de reforma eléctrica e mellora da iluminación no campo de fútbol A Pirucha. Camiño da Pirucha s/n

- O terreo no que se pretenden executar as obras conta coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación resultante compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Na solicitude consta un importe de 37,143,98 Eur, si ben o importe do orzamento achegado acadada os 49.525,30 Eur (IVE incl.), importe superior a 40.000,00 Eur,
- O proxecto NON CONTA coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución segundo a normativa vixente en materia urbanística.
- A memoria e anexos achegados NON están suscritos por ningún técnico.
- O proxecto inclúe medidas de xestión medioambiental dos materiais da obra e de xestión de residuos e control da contaminación.
- A comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e da inscrición no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia terá que efectuarse polo Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Do informe dos arquitectos se infire que ambas entidades cumpren cos requisitos dos beneficiarios e as condicións dos terreos e as edificacións.

O informe dos arquitectos municipais fai referencia a que os proxectos non contan coas autorizacións e licencias necesarias para a súa execución. Non obstante, establece na súa base 17ª que as entidades beneficiarias presentarán a copia simple ou título habilitante para a realización da actuación no momento da xustificación previo pago do importe da subvención.

Por outra banda, a base 5ª establece que a instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia. Neste sentido hai que suliñar que o artigo 77 da mencionada Lei di que lle corresponde á Administración autonómica a creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma, pero non é ata o Decreto 52/2022, do 28 de abril, publicado no DOG do mércores 11 de maio de 2022, que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, como desenrolo do recollido no artigo 77 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia, creando e regulando o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia (RIDEGA). A Disposición derradeira segunda, do mencionado Decreto, establece que este entrará en vigor ós vinte días naturais da súa publicación no DOGA, que é o 31 de maio do 2.022. O artigo 13.2, do mesmo Decreto, recolle que o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de deportes resolverá sobre a inscrición solicitada nun prazo máximo de tres meses contados desde que aquela tivese entrada no rexistro da Administración competente para a súa resolución, polo que dada a imposibilidade de dar cumprimento a este apartado, e tendo en conta que ambas entidades presentaron o documento acreditativo de ter presentada solicitude de inscrición no rexistro de instalacións deportivas de Galicia, o técnico que subscribe propón a admisión da documentación presentada xunto coa solicitude de subvención, condicionando o pago da mesma á presentación do documento acreditativo do cumprimento de dito requisito xunto coa xustificación da subvención.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas comproba ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT, e co Concello de Vigo solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos pola Federación Deportiva de fútbol.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de valoración da actividade en xeral da entidade, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto en cada unha das liñas. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi a seguinte:

Importe Liña 1	Total puntos liña 1	Valor punto liña 1
150.000,00€	105	1.428,57€
Importe liña 2	Total puntos liña 2	Valor punto liña 2
65.000,00€	67	970,15€

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

–Distribuír as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de:

- LIÑA 1: 150.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3420.7700000 do orzamento do 2022.
- LIÑA 2: 37.143,98€ con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 do orzamento do 2022.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIONS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO.

LIÑA 1: CENTROS EDUCATIVOS:

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
21665-333	1	FOMENTO CENTROS DE ENSEÑANZA S.A.	A8126597	105	150.000,00 €



Concello de Vigo

LIÑA 2: ENTIDADES TITULARES DE INSTALACIÓNS PRIVADAS:

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención
21666-333	1	CLUB DE FÚTBOL SAN MIGUEL	G36743433	67	37.143,98 €

10(628).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓNS A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 21672/333.

Visto o informe xurídico do 11/07/2022 e o informe de fiscalización do 12/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 05/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, polo concelleiro-delegado de Deportes e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

a) A Xunta de Goberno Local , con data 11 de abril de 2019 , acordou aprobar o expediente de Contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria da **“CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. 18183/333”** para un período de dous anos, e tres prórrogas dun ano cada unha delas (trámite núm. 110).

b) Con data 6 de xuño de 2019, a Xunta de Goberno Local, declara desertos os lotes núm. 1 (materiais para fontanería e saneamento) e núm. 2 (materiais para construción), debido a que no caso do lote número 1, a proposta presentada pola mercantil COMERCIAL ANTONIO COSTAS FERNÁNDEZ, SL, avaliábase a través de fórmula apártase substancialmente do modelo establecido (motivo de exclusión segundo o previsto na cláusula 14.2C) do PCAP), e no caso do lote número 2, non se presentou ningunha proposición (trámite núm. 187).

c) Coa mesma data, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, acorda aprobar a CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DOS LOTES 3 (material de ferretería), 4 (material para instalacións eléctricas) e 5 (material pintado) PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (trámite núm. 192).

d) A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 26 de xullo de 2019, adoptou, entre outros asuntos, o seguinte acordo:

1. “Adxudicar a FERRETERÍA VALFER, S.L. o lote 3 (materiais de ferretería) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
2. Adxudicar a MARESA ELECTRICIDAD, S.L. o lote 4 (material para instalacións eléctricas) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
3. Adxudicar a MORGASA, S.L. o lote 5 (material pintado) do procedemento aberto do subministro de material para mantementos e conservación a realizar nas instalacións deportivas dependentes do Concello de Vigo (18.183-333) por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

e) Os respectivos contratos foron formalizados o 28.08.2019 (lote núm. 3 “material de ferretería” coa mercantil VALFER, SL), o 30.08.2019 (lote núm. 5 “material pintado” coa mercantil MORGASA, SL) e o 02.09.2019 (lote núm. 4 “material para instalacións eléctricas” coa mercantil MARESA ELECTRICIDAD, SLU). (trámites números 359, 368 e 371) e as empresas constituíron as preceptivas garantías definitivas (trámites 249, 254 e 260). Os prazos de execución dos contratos, comezaron ao día seguinte da súa sinatura.

f) Con data 04.09.2019, o xefe do Servizo de Deportes, realizou INFORME PROPOSTA, dirixido á Intervención Xeral, PARA O AXUSTE DE ANUALIDADES DO EXPTE NÚM. 18183-333 “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓNS A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO” (trámite núm. 382), no que ficaban recollidos os prezos totais do contrato para os dous anos de vixencia:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.
- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por



Concello de Vigo

un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

g) Con data 2.06.2021, enviouse notificación ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRIDAD, SLU E MORGASA, SL), os avisos previos da primeira prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 485, 486 e 487). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 495, 496 e 497).

h) Con data 8.07.2021, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, aproba a "PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXpte. 20681/333", que afecta aos lotes nº 3 "MATERIAIS DE FERRETERÍA" (adxudicataria Valfer, SL), nº 4 "MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS" (adxudicataria Maresa Electricidad, SL) e lote nº 5 "MATERIAL PARA PINTADO" (adxudicataria Morgasa, SL).

i) Con data 31.05.2021, envíase notificación ás empresas adxudicatarias de cadanseu lote (VALFER, SL, MARESA ELECTRIDAD, SLU E MORGASA, SL), os avisos previos da segunda prórroga coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da Lei de contratos do sector público, sendo a aplicación da devandita prórroga, obrigatoria para o contratista (trámites 504, 505 e 506). Consta acuse de recibo da recepción das notificacións enviadas dende este Servizo de Depores (trámites 514, 515 e 516).

2.- Fundamentos de dereito:

O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, dispón no seu apartado segundo, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga apróbese polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo de produza con dous meses de antelación á finalización do prazo de execución do contrato.

No devandito artigo, no seu apartado cuarto, establécese que o prazo de duración nos contratos públicos de servizos será de 5 anos máximo, incluídas todas as súas prórrogas, que en aplicación do apartado segundo dese artigo, acorde o órgano de contratación, con respecto ás condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

No PCAP, **cláusula 7. Prazo de execución, punto 3**, recóllese que este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración

do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses. O apartado 4. C da FEC contempla a posibilidade de tres prórrogas, dun ano de duración cada unha.

Ningunha das empresas adxudicatarias dos distintos lotes, presentou documento de oposición a prórroga proposta.

3.- Desenvolvemento do contrato actual.

As empresas que desenvolven os lotes do contrato de subministro (VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL), no transcurso do período contractual (incluída a primeira prórroga) veñen desenvolvendo os subministros de acordo cos criterios marcados no prego de prescricións técnicas, de xeito satisfactorio en canto a materiais a subministrar, condicións de entrega do material, prazos de entrega, prezos dos materiais, prazos de garantía e calidade dos materiais subministrados.

4.- Prezo total do contrato nos dous primeiros anos e na primeira prórroga.

4.a) Prezo total do contrato nos dous primeiros anos:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, adxudicado á empresa Valfer, SL, por un prezo total de 85.217,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.789,86 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, adxudicado á empresa MARESA ELECTRICIDAD, SL, por un prezo total de 88.680,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.390,75 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, adxudicado á empresa MORGASA, SL, por un prezo total de 31.355,10 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.441,79 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

4.b) Prezo total do contrato na primeira prórroga:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL, polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2021 e 28 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2021 e 2 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos), por un



Concello de Vigo

prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

- Lote número 5 "MATERIAL PINTADO", (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2021 e 30 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT.

5.- Prezo para o período da segunda prórroga.

En atención a que a segunda prórroga é por 1 ano, a partir da data de remate da primeira prórroga, e segundo o indicado no PCAP non procede a revisión de prezos, o prezo para cada un dos lotes no período da prórroga, quedaría deste xeito:

- Lote número 3 "MATERIAIS DE FERRETERÍA", (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2022 e 28 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 4 "MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS", (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2022 e 2 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,05 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

- Lote número 5 "MATERIAL PINTADO", (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2022 e 30 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato.

6.- Financiamento do contrato.

O contrato financíase con cargo á aplicación orzamentaria 3420-2120000 "EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS", do orzamento de gastos en vigor da Concellaría de Deportes.

A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este tipo de subministros en anos anteriores e, polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración ocal.

Polo anteriormente exposto e conforme co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, solicítase á Xunta de Goberno Local, a aprobación da proposta de segunda prórroga do contrato de **“SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO-LOTES 3, 4 E 5”**, previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral, polo que se propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar a 2ª prórroga dun ano do “CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO-LOTES 3, 4 E 5”, para os períodos, importes e partida orzamentaria, que se indican deseguido:

- Lote número 3 “MATERIAIS DE FERRETERÍA”, (VALFER, SL polo período dun ano comprendido entre os días 29 de agosto do 2022 e 28 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 42.608,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.394,93 euros e cunha porcentaxe de desconto do 47% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2022 (29.08.2022 a 31.12.2022): 14.439,69 €
- Ano 2023 (01.01.2023 a 28.08.2023): 28.169,20 €

- Lote número 4 “MATERIAIS PARA INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS”, (MARESA ELECTRICIDAD, SL, para o período dun ano comprendido entre os días 3 de setembro do 2022 e 2 de setembro de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 44.340,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.695,38 euros e cunha porcentaxe de desconto do 30% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2022 (03.09.2022 a 31.12.2022): 14.533,68 €
- Ano 2023 (01.01.2023 a 02.09.2023): 29.806,35 €

- Lote número 5 “MATERIAL PINTADO”, (MORGASA, SL, polo período dun ano comprendido entre o día 31 de agosto do 2022 e 30 de agosto de 2023, ambos os dous incluídos), por un prezo total de 15.677,55 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.720,90 euros e cunha porcentaxe de desconto do 60% a aplicar aos prezos unitarios recollidos no anexo ao PPT que serviu de base á licitación do contrato. Aplicación do gasto: partida 3420.2120000 “Edificios e outras construcións”, coa seguinte distribución de importes por anualidades:

- Ano 2022 (31.08.2022 a 31.12.2022): 5.269,40 €
- Ano 2023 (01.01.2023 a 30.08.2023): 10.408,15 €

Segundo: notificar este acordo da 2ª prórroga ás empresas VALFER, SL, MARESA ELECTRICIDAD, SL e MORGASA, SL, adxudicatarias dos lotes 3, 4 e 5 do



Concello de Vigo

“CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA MANTEMENTOS E CONSERVACIÓN A REALIZAR NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO”, nos termos establecidos no art. 43 da Lei 39/2015, de réxime xurídico das administracións públicas, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición, ante o órgano que a dita, no prazo dun mes ou recurso contencioso administrativo ante a Xurisdición Contencioso Administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte a recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de RXAP e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(629).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O CO-FINANCIAMENTO E A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO-A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE. EXPTE. 1287/441.

Visto o informe xurídico do 07/07/2022 e o informe de fiscalización do 14/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 07/07/2022, asinado polo técnico de Admon. Xeral, polo xefe da Área de Inversións e polo concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.-

1.- A Deputación de Pontevedra ten previsto nos seus orzamentos do ano 2022 as previsións orzamentarias para o desenvolvemento de novas accións de colaboración, e aos efectos deste expediente, constan os compromisos orzamentarios que posibilitarán a execución da actuación de: MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430, para o cal será necesario desenvolver o correspondente expediente de colaboración a través dun convenio que regule os condicionantes desta actuación.

2.- Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable cunha elevada intensidade media diaria de tráfico. Ademais na contorna da Entidade Local Menor de Bembrive sitúanse a Praza do Mosteiro e locais comerciais polo que é unha zona moi concorrida por peóns e na actualidade insegura para os mesmos debido ao ancho das beirarrúas e á desorganización do aparcamento. Por este motivo a Deputación de Pontevedra decidiu contratar a redacción do proxecto

de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)" para dotar a zona de prioridade peonil segura.

3.- O Proxecto desta actuación foi redactado pola Deputación Provincial e ascende a cento novena e tres mil corenta e sete euros con vinte e un céntimos (193.047,21 €), máis corenta mil cincocentos trinta e nove euros con noventa e un céntimos (40.539,91 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de douscentos trinta e tres mil cincocentos oitenta e sete euros con doce céntimos (233.587,12 €).

4.- Con data 6 de xullo de 2022 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración, solicitude e aprobación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q. 3+430,

5.- Con data 07.07.2022 o Xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, e o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- O Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais con data 07.07.2022 emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello e a Deputación para a execución da "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q.3+430 (CONCELLO DE VIGO)".

FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das dispo-



Concello de Vigo

sición legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

II.- CONVENIO

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia.

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o cofinanciamento e a execución das obras precisas para o desenvolvemento do proxecto de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q.3+430 (CONCELLO DE VIGO)".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 2001 O Calvario- A Garrida, na contorna da casa da E.L.M. de Bembrive, P.Q. 3+430 (Concello de Vigo)", así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas, levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter muni-

cipal que se executen (alumeado público, canalizacións, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras, darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

III.- PROCEDEMENTO E COMPETENCIA

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O gasto proposto non contempla ningunha obriga económica para o Concello de Vigo xa que a parte da financiación da achega do Concello de Vigo realizárase con cargo aos créditos que a Deputación Provincial ten previstos a través do programa de cooperación cos concellos para o desenvolvemento das actuacións no Concello de Vigo, con cargo á aplicación 22/942.9420.762.14.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

PROPOSTA

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do proxecto de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 2001 O CALVARIO- A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA E.L.M. DE BEMBRIVE, P.Q.3+430 (CONCELLO DE VIGO)", transcrito como Anexo I a esta proposta.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

12(630).- RECTIFICACIÓN ERRO MATERIAL NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, 09/06/2022, DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZÁIZ". EXPTE. 774/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 15/07/2022, asinado pola técnica de xestión, polo xefe do Servizo Xurídico Servizos Xerais, polo concelleiro-delegado da área e polo interventor xeral municipal, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 9 de xuño de 2022, acordou entre outros asuntos:

1º.- *Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de "INSTALACIÓN DUN ASCENSOR ENTRE A PRAZA DA ESTACIÓN E A RÚA URZÁIZ" redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Xacobe Paz Salgado e polo Enxeñeira Industrial Begoña Arránz González, o que supón unha importe líquido de 76.851,31 € (19,86%), supoñendo un 16,60% (64.220,00 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, e un 3,26% (12.631,31 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205 da LCSP.*

2º.- *Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2,5 MESES.*

3º.- *Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532.609.0063, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 33.274,66 euros (documento contable AD nº 202100095762) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 76.851,31 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 43.576,65 euros ó alza.*

4º.-*Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.*

5º.- *Instar á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.*

6º.- *Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP."*

II.- Revisado o expediente detectase un erro material na partida orzamentaria con cargo a cal se autoriza o gasto, sendo a partida orzamentaria correcta a 1539.609.0063.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en

calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- A aprobación da modificación do contrato corresponde ó órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE de 26 de febreiro de 2014, que de acordo coa súa disposición adicional 2ª.4 é a Xunta de Goberno Local.

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 9 de xuño de 2022 no referente á partida orzamentaria contra a cal se autoriza o gasto, polo que o mesmo debera figurar como segue:

“(…)

3º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1539.609.0063, pola diferenza entre o gasto autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº1 por importe de 33.274,66 euros (documento contable AD nº 202100095762) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº1 por importe de 76.851,31 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 43.576,65 euros ó alza.

(…)”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(631).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2022. EXPTE. 11355/224.

Visto o informe de fiscalización do 14/07/2022, dáse conta do informe-proposta do 14/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, pola asesora xurídica do Servizo, pola concelleira-delegada da área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 13 de abril de 2022 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022.

A cantidade máxima destinada a este programa é de 91.000,00 € (noventa e un mil euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311.4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.



Concello de Vigo

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Asemade, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia os días 22/04/2022 e 27/04/2022, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 28 de abril e rematou o 11 de maio de 2022.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 50 entidades na sede electrónica do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

A Concellería de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria de 3.000 € (apartado 2 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e para co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por D^a Eugenia Blanco Iglesias, concelleira de Igualdade que actuou como presidenta, D^a Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade, e D^a Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 28 de xuño de 2022 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos proxectos, o valor dos puntos outorgados e o importe das axudas concedidas, e unha táboa co resumo das contías concedidas).

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que da información que obra no poder da Concellería de Igualdade se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, as subvencións ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos proxectos desenvolvidos ao abeiro do *“Programa específico de subvencións da Concellería de Igualdade para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres no ano 2022”*, por un importe total de noventa mil novecentos noventa e nove euros con

sesenta e dous céntimos (90.999,62 €); constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, proxectos e contías das axudas concedidas.

2º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

3º.- Notificar o acordo ás persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(632).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN CONVOCADA POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PÚBLICAS NA ÁREA DE INFLUENCIA SOCIOECONÓMICA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS, PARA O EXERCICIO ORZAMENTARIO 2022 E 2023. EXPTE.16123/306.

Visto o informe de fiscalización do 14/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 14/07/2022, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e Consumo e pola concelleira-delegada de área, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Orde do 10 de xuño de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (DOG 28/06/2022) pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT821A).

A Concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable ditou orde de inicio de data 01/07/2022, de procedemento administrativo tendente a solicitar unha axuda para traballos de control e desenvolvemento de metodoloxías de especies invasoras en terreos públicos Concello de Vigo e proceder á redacción da memoria descriptiva, planos precisos e demais documentación conforme ó artigo 13 da citada Orde de 10 de xuño de 2022.

II.- Características da subvención:

Obxecto da subvención: Axudas para os anos 2022 e 2023 na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia entre os que figura o Concello de Vigo (artigo 1.).



Concello de Vigo

Beneficiarios: Entre outros, conforme ó artigo 2.1.a) Os concellos situados na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional (Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa e Vigo).

Ámbito territorial: A área ocupada polos concellos que teñen parte da súa superficie no Parque Nacional, é dicir, a superficie dos concellos de Bueu, Ribeira, Vilagarcía de Arousa e Vigo (artigo 7).

Proxectos subvencionables: no que á Área de Medio Ambiente interese compre indicar:
Artigo 8.1.a)-

1. Poderán ser obxecto de subvencións os investimentos na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional referidos a:

a) Iniciativas públicas desenvoltas por concellos que supoñan actuacións efectivas de conservación da biodiversidade e que supoñan un mínimo de 35 hectáreas de mellora. As actuacións subvencionables serán do tipo: realización de actuacións de conservación de hábitats terrestres e especies, restauración de ecosistemas degradados, de conservación da biodiversidade, así como actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras.

Porcentaxes financiáveis:

Subvencionarase o 100% do investimento subvencionable (o IVE non é subvencionable)
No caso dos concellos, ata un importe máximo de axuda de 100.000 euros (artigo 8.5.a.)
(Non inclúe o IVE)

Presentación de solicitudes: Ata o 28 de xullo de 2022,

Forma de presentación: Unicamente por medios electrónicos no caso do Concello

Documentación esixible: Solicitud conforme anexo 1 da Orde, memoria da actividade, acordo do órgano competente e documentación acreditativa da representación.

Ademais, a solicitud da subvención precisa, entre outra documentación, conforme ó artigo 13.1. apartados b) e d) da citada Orde de 10 de xuño de 2022:

"b) Memoria descritiva da finalidade para a cal se solicita a axuda, en que se incluírá a argumentación técnica que xustifique que se cumpre o principio DNSH. Conterá, como mínimo, a descrición dos traballos ou actividades, os obxectivos ambientais a que contribuirá a actuación, orzamento detallado co IVE desagregado, prazo aproximado de execución e calendario, tendo en conta que as actividades subvencionables deben comezar no presente exercicio 2022 e rematar no exercicio 2023. Este calendario de execución é orientativo, xa que quedará condicionado ás anualidades que se determinen na resolución de aprobación. Conterá, así mesmo, o número de hectáreas previstas de mellora, nas actuacións de conservación da biodiversidade.

(...)

d) No caso de que a actuación se localice nun lugar concreto, achegarase un plano de situación e detalle desta, sen prexuízo dos demais planos de detalle que esixa a definición técnica da actuación, así como un arquivo compatible SIX coa delimitación da superficie prevista de actuación. "

Forma de xustificación e pagamento da actividade: Na forma sinalada no artigo 27 da Orde.

Año 2022: A data límite de execución e xustificación da anualidade ata o 30/11/2022.

Año 2023: A data límite de execución e xustificación da anualidade ata o 3/11/2023.

III.- Memoria descriptiva do obxecto da subvención:

A orde de inicio do procedemento administrativo da concelleira Delegada de Área de Medio Ambiente e Vida Saudable de data 01/07/2022, sinala como finalidade da solicitude de subvención a prevista no artigo 8.1.a) da Orde que rexe a convocatoria consistente en “iniciativas públicas desenvoltas por concellos que supoñan actuacións efectivas de conservación da biodiversidade e que supoñan un mínimo de 35 hectáreas de mellora. As actuacións subvencionables serán do tipo: realización de actuacións de conservación de hábitats terrestres e especies, restauración de ecosistemas degradados, de conservación da biodiversidade, así como actuacións de eliminación e control de especies exóticas invasoras” e que se procedede e redacción da memoria descriptiva e planos.

O xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da concelleira delegada da Área, asina dixitalmente en data 14/07/2022, a memoria e plano descriptivos das actuacións a realizar obxecto da subvención.

O documento denominado “Memoria para o control e desenvolvemento de metodoloxía de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo” describe os seguintes aspectos da actuación:

1.- Finalidade/Obxectivos:

A memoria ten por finalidade a eliminación e control de especies exóticas invasoras en zonas públicas do Concello de Vigo que posúe un grande interese e valor medioambiental, representativos e de moita visibilidade e concienciación social, co obxecto de conservación da biodiversidade, dos hábitats e restauración de ecosistemas degradados, para o que se estableceron os seguintes obxectivos:

- Determinar as mellores prácticas de eliminación de especies exóticas invasoras en función das características do terreo e da especie e que podan servir noutras actuacións dentro do municipio.
- Recuperar a franxa de vexación autóctona naquelas zonas onde se erradiquen as especie invasoras.
- Determinación das especies autóctonas máis apropiadas para aumentar a eficiencia da recuperación do espazo.
- Difundir a problemática e experiencia entre a cidadanía para que tome conciencia do problema e a necesidade de actuar de forma responsable.
- Naquelas zonas onde se actúe procederase á retirada de RSU e asimilables.
- Superficie total obxecto de actuación 38,1702 Ha.

2.- Zonas de actuación:

- Terreos públicos do Curso do río Eifonso: Actuación nunha superficie de 0,0905 Ha. Eliminación e control da especie exótica invasora “*Tradescantia fluminensis*” e actuacións de recuperación do entorno.
- Terreos municipais ou públicos ao carón do río Lagares entre Avda. de Madrid e xunqueira do Lagares, e lagoa de Mol: Actuación nunha superficie de 37,0478 Ha. Eliminación e control das especies exóticas invasoras “*Arundo donax*”, “*Canna indica*”, “*Cortaderia*



Concello de Vigo

selloana”, “Acacia melanoxylon” e tartarugas ((Trachemys (2-3 subespecies), Pseudemys (2 especies), Graptemis (2 especies) e puntualmente a especie Chelydra)).

- Terreos públicos do Monte da Guía: Actuación nunha superficie de 1,0319 Ha. Eliminación e control da especie exótica invasora acacia negra: “Acacia melanoxylon”

3.- Orzamentos de execución das actuacións:

a) Orzamento total da actuación:

Segundo as distintas partidas que se sinalan na memoria o orzamento xeral da execución das actuacións sería o seguinte:

Importe base: 87.612,76 € // Gastos xerais: 7.009,02 € // Beneficio industrial: 5.256,77 €

Total: 99.878,55€

Ive (21%) 20.974,49 €

TOTAL IVE ENGADIDO: 120.853,04 €

b) Distribución orzamento por anualidades:

- Ano 2022: Ata o 30 de novembro de 2022

Redacción de memoria xustificativa, prego técnico, e documentación para a tramitación das autorizacións/comunicacións necesarias para a execución dos traballos.

Importe base: 7.727,20 € // Gastos xerais: 618,18 € // Beneficio industrial: 463,63 €

Total: 8.809,01 €

Ive (21%) 1.849,89 €

TOTAL IVE ENGADIDO: 10.658,90 €

- Ano 2023: Ata o 29 de Setembro de 2023

Resto de actuacións.

Importe base: 79.885,56 € // Gastos xerais: 6.390,84 € // Beneficio industrial: 4.793,14 €

Total: 19.124,60 €

Ive (21%) €

TOTAL IVE ENGADIDO: 110.194,14 € €

IV.- Financiamento das actuacións

A memoria de actuacións propostos podería ser susceptible dunha achega pola CMATV máxima do 100% do investimento subvencionable -exclúese o IVE- ata un importe de 100.000,00 euros no caso dos Concellos.

Por tanto, o investimento subvencionable ascendería a 99.878,55€ e o resto do importe (o correspondente ó IVE) que ascendería a 20.974,49 € sería por conta do Concello de Vigo.

Polo que respecta ós gastos para a Administración municipal cómpre sinalar o seguinte:

O Servizo de Medio Ambiente dispón das partidas de gasto 1721.210.00.00 Río Lagares e outros e 1721.227.99.00 Estudos previos e proxecto, ademais de dispoñer da bolsa de vinculación para facer fronte os gastos que corresponderían ó Concello de Vigo.

V.- Fundamento xurídicos:

As actuacións que recolle a memoria técnica de eliminación e control de especies exóticas invasoras en zonas públicas do Concello de Vigo co obxecto de conservación da biodiversidade, dos hábitats e restauración de ecosistemas degradados, encadraríanse dentro das competencias propias da Administración municipal e considérase xustificadas o seu interese xeral toda vez que:

O artigo 25.2. apartados b), d) e j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano”, “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, “salubridade pública”.

No Diario Oficial de Galicia do 18 de xaneiro de 2019, publicouse a Instrución 1/2019, de 7 de xaneiro, de Augas de Galicia para o establecemento de directrices técnicas de conservación fluvial de carácter ordinario. Dita instrución establece nos apartados II e III do Anexo que:

(...)

Tramos fluviais urbanos: os tramos fluviais que discorran por zonas de asentamento de poboación ou de actividades económicas, dispostas en trama urbana, onde predominen edificacións e infraestruturas sobre os espazos rurais ou naturais.

III. Criterios relativos a actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos urbanos.

Con carácter xeral, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, en aplicación da sentenza do Tribunal Supremo nº 1962/2017 que interpreta o artigo 28.4 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, que aproba o Plan hidrolóxico nacional (LPHN), no sentido de declarar que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas.

Para facilitar o labor dos concellos competentes, Augas de Galicia identificará estes tramos tomando como base o estudo de coberturas a partir de cartografías oficiais, así como outros estudos complementarios que se consideren oportunos. A dita información poderá consultarse no visor «NODO IDE DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA-COSTA»: <https://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>.

(...)”

O dito visor de Augas de Galicia inclúe a canle polo que discorre o río Lagares, practicamente, en tramos fluviais urbanos, ademais de tramos doutros afluentes como río Eifonso destes.

A Sentenza núm. 1962/2017, de 13 de decembro, do Tribunal Supremo, Sala Terceira, do Contencioso-administrativo, Sección 4ª, Rec. 2297/2015, considerou que nas canles públicas cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polas entidades locais, e, no caso concreto da sentenza, no apartado 3º do Fallo, declarou que a competencia para realizar as actuacións correspondía o concello de Málaga.

Por tanto, a citada sentenza considera que nas canles públicas cando de zona urbanas se trata, as actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial deberán ser executadas polos concellos, con fundamento na lexislación de réxime local, na autonomía local e na aplicación do artigo 28.4. da Lei 10/2001, de 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional que o aplicou a unha cunca intracomunitaria.

O río Lagaras discorre pola Demarcación Hidrográfica Galicia Costa -cunca intracomunitaria-cuxo organismo de xestión da cunca é Augas de Galicia e cuxo descorrer polo termo



Concello de Vigo

municipal de Vigo é, practicamente, por tramos fluviais urbanos ó igual que outros tramos de ríos afluentes daquel.

De conformidade co indicado, estaríamos de novo ante competencias propias da Administración municipal ao abeiro do establecido no artigo 25.1., apartados a) e b), da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Área de Medio Ambiente e Vida saudable ten atribucións, por delegación de competencias do alcalde de data 26 de xuño de 2019 (BOPPO 01/08/2019), resolución texto refundido do 04/09/2020, nas materias de protección do medio ambiente urbano

A competencia para efectuar a solicitude está atribuída o alcalde ao abeiro do establecido no artigo 124.4. da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Porén, tal atribución delegouna na Xunta de Goberno Local segundo o establecido no apartado Primeiro. 2. da resolución de delegación de competencias do alcalde na xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019.

A Intervención xeral municipal emitiu informe de fiscalización de conformidade asinado dixitalmente en data 14/07/2022.

Polo exposto, proposta á Xunta de Goberno a adopción so seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO.- Solicitar á Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia a axuda no marco da convocatoria da “Orde do 10 de xuño de 2022, da dita Consellería (DOG 28/06/2022) pola que se aproban as bases e a convocatoria para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas na área de influencia socioeconómica do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para os anos 2022 e 2023, conforme a “Memoria para o control e desenvolvemento de metodoloxía de control de especies exóticas invasoras en terreos públicos do Concello de Vigo” asinada polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira delegada da Área, o 14/07/2022, e obrante no expediente 16123/306, sendo o importe total da actuación de 120.853,94 € (IVE engadido), dos cales 10.658,90 € corresponden á anualidade 2022 e 110.194,14 €, corresponden a anualidade 2023, e cun importe a subvencionar do 100% do investimento subvencionable -importe total menos o IVE-.

SEGUNDO .- A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, Nuria Rodríguez Rodríguez, en virtude da delegación de atribucións do alcalde nos concelleiros de data 04/09/2020, asinará os documentos precisos en representación desta Administración municipal para solicitar a dita subvención.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(633).- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS/AS DE COMPETENCIAS: ÁREA DE FOMENTO. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 20/07/2022, asinada pola secretaria de Admon. Municipal, polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos e conformado polo alcalde-presidente da Corporación municipal:

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021, 10.03.2022 e 19. 05.2022 adoptou acordo de delegación de determinadas atribucións nas Concellerías Delegadas das Áreas delimitadas por Resolución desta Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e posterior modificación de data 17.08.2020 e 16.04.2021.

Así mesmo con por Resolución da Alcaldía de data 4.09.2020 delegouse no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento ,tramitación e execución da totalidade das obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, coa excepción dos espazos deportivos baixo a grada de Río xestionados pola Concellería de Deportes.

Con motivo da solicitude de espectáculos públicos no Estadio Municipal de Balaídos no que concorren competencias xenéricas de diferentes servizos (urbanismo, deportes, patrimonio..) e estando actualmente en execución a obra grada de Marcador promovida pola Área de Fomento faise convinte centralizar na área delegada de Fomento e Servizos as competencias en materia de concesión da licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario máis a autorización demanial aos efectos de facilitar o funcionamento da actuación municipal e baixo a coordinación de todas as actuacións en dita instalación deportiva municipal por parte dunha mesma área delegada.

E por isto polo que procede formular á Xunta de Goberno Local como órgano competente en materia de concesión de licenzas (artigo 127.1.e) da Lei 7/85, do 2 de abril de bases de réxime local) a seguinte proposta

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 20.06.2019 e posterior de data 4.07.2019, 11.07.2019 e 5.09.2019, 22.04.2021, 21.06.2021, 10.03.2022 e 19.05.2022 e engadindo un apartado noveno do que resulta o seguinte "Primeiro punto

III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de



Concello de Vigo

Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras.
4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP ou normativa de aplicación.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (establecida no artigo 243.6 da LCSP, ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación e a autorización, disposición e compromiso de gasto derivados das mesmas, de ser necesario.
8. Resolución do expediente de danos e perdas previsto no artigo 208.2, ou normativa de aplicación, nos contratos de obras.
9. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos.

Segundo.- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- PROPOSTA DE CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS, FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES. EXPTE. 15857/444.**
- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ENTIDADE XESTORA E COLABORADORAS EN XESTIÓN RECADATORIA. EXPTE. 25295/541. (25.295-541).**
- .- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE OCIO ALTERNATIVO PARA PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADITIVOS EN MENORES E MOZOS E MOZAS DO CONCELLO DE VIGO DENDE XANEIRO 2022 ATA 30 SETEMBRO DE 2023. EXPTE. EXPTE. 9541/336**
- .- DESESTIMENTO DO LOTE 2 DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 9516/336.**

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



Concello de Vigo

16(634).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS DE ALUMEADO PÚBLICO, TÚNELES, PASOS INFERIORES E GALERÍAS DE SERVIZOS, FONTES ORNAMENTAIS E INSTALACIÓNS DE ENERXÍAS RENOVABLES. EXPTE. 15857/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira delegada de Contratación, pola titular da Asesoría Xurídica e pola interventora adxunta, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumeado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (PPT)
- Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consejo, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de novembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de mantemento integral das instalacións

electromecánicas de alumado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo, *aprobar o gasto e abrir o procedemento de licitación.*

Segundo.- En data 22 de abril de 2016 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar á UTE IMESAPI, SA, FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGETICAS, SAU, o procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (expediente 15857-444), por un prezo de 9.119.168,03 euros e un prazo de execución de catro anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. O contrato formalizouse o día 26 de xullo de 2016, e comezou a súa execución ao día seguinte.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 7 de setembro de 2017, aprobou *“a modificación do contrato para a contratación do servizo de mantemento das instalacións de alumado público, túneles, pasos inferiores, galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables, consistente en substituír ao responsable do contrato, xefe dos Servizos Enerxéticos polo xefe da Área de Investimentos”*. A modificación formalizouse o 2 de outubro de 2017.

Cuarto.- En datas 17 de xullo de 2020 e 8 de xullo de 2021 a XGL acordou aprobar a primeira e a segunda prórroga deste contrato. Esta última rematará o vindeiro 26 de xullo do ano en curso.

Quinto.- En data 25 de abril de 2022, a XGL acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria do Concello de Vigo (expediente 52198/444), autorizar o correspondente gasto e abrir o procedemento de licitación.

Sexto.- O anuncio de licitación do expediente citado no antecedente anterior foi publicado o 29 de abril de 2022 no DOUE e no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratación del sector público. O prazo de presentación de ofertas remataba o 3 de xuño de 2022.

Sétimo.- En data 20 de maio de 2022, D. José Alfonso Marnotes González, concelleiro do Excmo. Concello de Vigo e voceiro do grupo municipal do Partido Popular, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

Oitavo.- Por resolución de 20 de maio de 2022, o TACGAL acordou adoptar a medida cautelar de suspensión do contrato.

Noveno.- En data 9 de xuño de 2022, o TACGAL, en resolución no 107/2022, acorda desestimar o recurso.



Concello de Vigo

Décimo.- Reanudado o prazo de presentación de ofertas, durante o mesmo presentaron ofertas os seguintes licitadores:

- UTE EQUIPOS DE SEÑALIZACIÓN Y CONTROL, S.A. - MANTEN, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 55%-45% respectivamente)
- UTE FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. - FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
- FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A.
- IMESAPI, S.A.
- UTE ORECO BALGON, S.A. - CONSTRUCC. INST. Y TRACCIÓN, S.A. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
- UTE S.I.M. RUBATEC, S.A. - VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)
- UTE SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A. (SECE) - ELEUKON GLOBAL, S.L.U. (percentaxe de participación na UTE ao 60%-40% respectivamente)
- UTE TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A. - SIEL VIGO, S.L. (percentaxe de participación na UTE ao 50%)

Undécimo.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión de 16 de xuño de 2022, procedeu a apertura e cualificación da documentación persoal. Revisada esta, e admitidos todos os licitadores, a continuación procedeuse a apertura do sobre B, relativo a proposición avaliable mediante xuízo de valor. A Mesa, por unanimidade dos seus membros asistentes a sesión, acordou solicitar informe sobre a mesma ao servizo xestor.

Duodécimo.- En data 23 de xuño de 2022, o responsable do contrato e a xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético emiten informe técnico xustificando a necesidade da continuación da prestación deste servizo.

Décimo terceiro.- En data 19 de xullo de 2022 a empresa contratista, UTE LUZE VIGO, manifesta a súa conformidade á continuidade da prestación do servizo ata a data de adxudicación do novo contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato obxecto deste informe, réxese pola seguinte normativa:

- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP).

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo

O contrato de servizos do mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (expediente 13000-332) adxudicóuselle á UTE IMESAPI, SA, FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, SA e FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGETICAS, SAU, en data 22 de abril de 2016, por un prazo un catro anos, comezando a súa execución en data 27 de xullo de 2016. Finalizado o prazo contractual, prorrogouse o contrato por acordos da XGL de datas 17 de xullo de 2020 e 8 de xullo de 2021, respectivamente. A última prórroga remata o día 26 de xullo do ano en curso.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse, por acordo da XGL de data 25 de abril de 2022, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (52198-444).

Unha vez aprobado o expediente e iniciada a licitación deste contrato pola XGL, D. José Alfonso Marnotes González, concelleiro do Excmo. Concello de Vigo e voceiro do grupo municipal do Partido Popular, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación. Interposto o recurso, por resolución do TACGAL de 20 de maio de 2022 adoptouse a medida cautelar de suspensión do procedemento.

A interposición deste recurso demorou a tramitación do expediente, que neste intre esta pendente da valoración do sobre B.

Informa ao respecto o servizo xestor:

“Así mesmo, e tal como consta neste informe, o inicio deste expediente remítase ao pasado 18/11/2021, e dende esta data, a tramitación da documentación necesaria para garantir unha correcta tramitación do expediente foi experimentando certos atrasos, motivados por situación alleas a propia administración, das cales debemos destacar a singularidade vinculada os condicionantes que se derivaron na propia tramitación do expediente cos requirimentos de aclaración do persoal vinculado o contrato, como durante o proceso de licitación e o propio recurso presentado ante o TACGAL (apartado II).”



Concello de Vigo

-III-

Necesidade da prestación do servizo ata a adxudicación do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto un servizo municipal obrigatorio por imperativo do artigo 26.1.a da LBRL, polo que é precisa a continuación do mesmo en tanto non se adxudica o novo contrato.

Sobre a necesidade de prestación do servizo informa o servizo xestor o seguinte:

“En relación a necesidade de continuidade do contrato atopase xustificada en primeiro lugar pola propia singularidade das prestacións vinculadas ao obxecto do contrato. Neste sentido débese indicar da existencia de prestacións, que polas súas condicións (mantemento da rede de alumeado viario, ou mantemento dos sistemas eléctricos dos diversos túneles vinculados ao contrato), deben ser tidas en conta como servizos públicos coa condición de servizos de carácter esencial, con especial incidencia na seguridade, tanto do tráfico rodado como peonil, e polo tanto é obriga do Concello garantir a continuidade dos servizos de mantemento das instalacións obxecto do contrato, que permita o seu funcionamento ante situacións extraordinarias que podan desenvolver circunstancias de especial gravidade, en relación a propia rede de alumeado viario (apartado II).”

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como se expuxo no fundamento xurídico II, non é posible formalizar o novo contrato na data prevista, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación do servizo obxecto deste contrato.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que a atrasen e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que suporía o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, necesítase buscar unha solución.

Non esquezamos que durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto, como aconteceu no presente caso polas causas citadas.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera

formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”. No mesmo sentido recolle estes efectos o artigo 42 da vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Se ben neste caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público, neste caso de prestación obrigatoria polas entidades locais, polo que procedería a súa aplicación analóxica como veremos a continuación.

Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren as seguintes circunstancias das previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, xestións relativas ao persoal a subrogar e a interposición dun recurso especial.
2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Efectivamente, este é un servizo público de obrigada prestación por esta entidade local.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “obrigatoria” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou



Concello de Vigo

ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:

«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expira-

do su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.

Podría acudirse a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de "prórrogas tácitas" o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».

Aplicando analójicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar o servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato. Segundo o informe emitido polo responsable do contrato e a xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético o 23 de xuño de 2022 estímase necesario ampliar o prestación do contrato por un período de 3 meses e 4 días como máximo dende o 27/07/2022 ata o 30/09/2022), coa previsión de prazos sinalada no referido informe.

Dispón o citado informe que:



Concello de Vigo

“Tendo en conta a actual situación na tramitación do proceso de licitación e as actuacións pendentes de desenvolver ata a adxudicación e formalización do expediente 52198/444, e tratándose dun expediente de regulación harmonizada e sometido aos posibles recursos especial en materia de contratación, considerase oportuno estimar como prazo para o inicio do novo contrato a data do 1 de setembro de 2022, de acordo coa seguinte previsión dos prazos para a continuidade deste expediente:

Apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dos licitadores	16/06/2022
Apertura da documentación técnica	16/06/2022
Traslado da documentación técnica para informe do servizo	20/06/2022
Entrega do informe de valoración dos criterios de xuízo de valor.	Previsión: 20/07/2022
Aprobación do informe de valoración dos criterios de xuízo de valor	Previsión: 28/07/2022
Apertura de ofertas económicas	Previsión: 28/07/2022
Posibilidade de resolver a presunción de ofertas anormais ou desproporcionadas	Previsión: 11/08/2022
Informe de clasificación de orden para a adxudicación	Previsión: 18/08/2022
Proposta de adxudicación Mesa de contratación	Previsión: 01/09/2022
Prazo para recurso especial en materia de contratación:	Previsión: 26/09/2022
Sinatura do contrato:	Previsión: 27/09/2022

Tendo en conta os prazos indicados anteriormente, entendese que cun carácter de prudencia e entendendo que dita proposta de continuidade non debe de estenderse mais ala do tempo imprescindible para a resolución do actual contrato, e tendo como referencia que a sinatura do contrato non estaría resolta ata a primeira semana de setembro (de non existir outros factores), e tendo en conta que dito contrato leva implícito un proceso de subrogación obrigatoria, considerase adecuado estimar o seu inicio para o primeiro día do mes seguinte -01/10/2022.

6.- De acordo coa proposta de continuidade do actual contrato (15857/444) xustificada no apartado anterior, establececese unha ampliación máxima (dende

o 27/07/2022 ata o 30/09/2022), polo cal as necesidades de crédito para este período atenden os seguintes importes:

Importe actual do contrato de acordo coa última modificación de prezos aprobada pola XGL en sesión de data 01/04/2022: importe mensual 203.072,22 € IVE incluído.

*Crédito necesario para o período de continuidade (dende o 27/07/2022 ata o 30/09/2022): 433.220,74 € (apartado II)”.
”.*

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, en calidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- A continuidade da prestación do servizo de do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas de alumeadado público, túneles, pasos inferiores e galerías de servizos, algunhas fontes ornamentais e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo (expediente 15857-444) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato (expediente 52198-444) e de acordo coa previsión de prazos recollida no informe do responsable do contrato e a xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético.

2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 27 de xullo ata o 30 de setembro de 2022 polo importe máximo de 433.220,72 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 1650.227.99.03.zona e á súa bolsa de vinculación”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

17.- (635) PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE ENTIDADE XESTORA E COLABORADORAS EN XESTIÓN RECADATORIA. EXPTE. 25295/541.



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/07/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 21/07/2022:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de entidade xestora e colaboradoras en xestión recadatoria (25.295-541)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación de servizos de entidade xestora e colaboradoras en xestión recadatoria (25.295-541)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de xuño de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos de data 17/02/2022 e de Cláusulas Administrativas particulares, e os seus anexos, asinado en data 20/05/2022, elaborados para a contratación, mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos bancarios para a colaboración integral na xestión de cobro de diversos tipos de ingresos de dereito público municipais, e aqueles de natureza privada que sexan aplicables do Concello de Vigo, e de ser o caso, dos seus Organismos Autónomos dependentes, mediante a súa centralización na Entidade Financeira adxudicataria, que actuará como Entidade Financeira Xestora única, e a prestación de servizo de pago, por un período de cinco anos contados a partir da data da formalización do contrato.

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no PCAP.

TERCEIRO.- Aprobar o modelo tipo de convenio a asinar coas entidades colaboradoras que acepten a condición na oferta que presenten.

CUARTO.- Autorizar o gasto por unha contía de 1.290.404,50 euros con IVA, dos que 58.806,00 euros corresponden ao exercicio corrente e 1.231.598,50 euros a exercicios futuros, sendo o gasto sen IVE 1.066.450 euros e o IVE 223.954,50 euros.”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de xullo de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto do servizo para o desenvolvemento dun entorno de ferramentas e interconexión administrativa coas administracións xeral (8.784-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., o día 15 de xullo de 2022, que presenta a documentación requirida o mesmo día, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 20 de xullo de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).



Concello de Vigo

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 15 de xullo polo que se lle outorgou a máxima puntuación por tratarse do único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (A-70302039) o procedemento aberto para a contratación de servizos de entidade xestora e colaboradoras en xestión recadatoria (25.295-541) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 320.226,50 euros (IVE incluído), sendo a cota correspondente ao IVE de 55.576,50 euros.*
- b) *Propón o desenvolvemento informático que permita unha maior eficiencia na transferencia de información entre a entidade xestora e o Concello, así como que posibilite maiores facilidades de pagamento ao contribuínte, tanto para o pago en procedemento voluntario como en executivo, aportando os seguintes aplicativos:*
 - o *Remisión de información dos cobros en liña.*
 - o *Aplicación para dispositivos portátiles que permitan a sinatura de ordes de domiciliación e outros documentos.*
 - o *Conexión en liña cos servizos de recadación do Concello aos efectos de expedir carta de pago das débedas en período de prema.*
 - o *APP tributaria coas características de integración na APP Vigo SI.*
- c) *Oferta como prezo pola emisión e notificación de recibos para todas as anualidades 0,19 euros.*
- d) *Oferta oficina bancaria institucional física.*
- e) *Oferta oficina bancaria virtual sen custe para o Concello.*
- f) *Oferta como custe porcentual do tipo de facilidade de depósito ou comisión de depósito en contas operativas 0 %.*
- g) *Aporta 42 sucursais ou oficinas operativas no ámbito territorial do Municipio de Vigo.*

- h) Aporta 104 caixeiros automáticos de última xeración no ámbito territorial do Municipio de Vigo.
- i) Propón unha rebaixa porcentual de xestión da conta Float a aplicar sobre a suma anual dos usos polos servizos que presta o Concello directamente ou as operadoras 0,20 %.
- j) Propón 5 % puntos básicos por encima do custe efectivo de financiamento do Estado a tres meses para a retribución de depósitos.
- k) Aporta 6 TPVs instaladas ou outras ferramentas que permitan facer o pagamento aos contribuíntes nas oficinas da recadación, así como o subministro de 6 dispositivos táctiles para recadación voluntaria/executiva que permitan a recollida das ordes de domiciliación en ventanilla, que permitan a captura e almacenamento das ordes de domiciliación, as súas baixas e modificacións sen necesidade de imprimir os documentos dos mesmos.
- l) Oferta unha comisión ou tarifa de xestión de cobro por TPV de 0 %.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(636).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE OCIO ALTERNATIVO PARA PREVENCIÓN DE CONSUMOS ADITIVOS EN MENORES E MOZOS E MOZAS DO CONCELLO DE VIGO DENDE XANEIRO 2022 ATA 30 SETEMBRO DE 2023. EXPTE. EXPTE. 9541/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 20/07/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude e pola concelleira delegada de área:

Proposta de solicitude de subvención á convocatoria da Secretaria de Estado de Sanidade, pola que se convocan con data de 6 de xullo de 2022, ,publicado no BOE con data 7 de xullo de 2022, a concesión de axudas económicas a corporacións locais para el desenvolvemento de programas de prevención das adicións dende xaneiro de 2022 ata 30 de setembro de 2023, con cargo ao Fondo de bens comisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados.



Concello de Vigo

Dende a Concellería de Xuventude propónse á Xunta de Goberno Local a aprobación da presentación da solicitude de subvención á convocatoria anteriormente relacionada, en base aos seguintes parámetros:

PROGRAMA PARA O QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN

1. Datos de identificación da Entidade solicitante:

Nome: Concellaría de Mocidade do **Concello de Vigo**

Domicilio: c/ López Mora, 31 – 36211 Vigo

Teléfono: 986 294 806

Correo electrónico: xuventude@vigo.org

Descrición dou programa:

Denominación dou programa: **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos/as do Concello de Vigo 2022/2023**

Custo previsto do programa : 568.960 € €

Subvención solicitada :405.272 €

Achega municipal: 163.688 €

Porcentaxe da subvención solicitada sobre o custo previsto do programa (non poderá exceder 70%): 70%

É un programa de continuidade: Si.

En caso afirmativo, indicar en que anos se realizou e entidade outorgante da subvención: Dende o ano 1999 até 2020.

2.6 ACTIVIDADES A REALIZAR.

2.6.1. Breve explicación e descrición das actividades e adecuación e coherencia das mesmas en relación cos obxectivos e poboación destinataria.

O Programa de Lecer Alternativo para a prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo 2022/2023 foise adaptando, edición a edición, ás necesidades e intereses da poboación xuvenil da cidade e en cada vez reúne a un número maior de participantes.

Seguiranse incrementando as actividades formativas en horario de tarde, xa que se constatou unha maior afluencia de mozas que antes ocupaban este tempo con actividades extra escolares e que agora, debido á crise económica que afecta a todo o país, non poden custearse.

As actividades informativas e de prevención directa tamén se realizarán durante todo o **curso escolar** e dentro do horario lectivo **por parte do Plan sobre Drogodependencias e outras adicións** para poder chegar a un maior número de mozos, nos seus respectivos centros de estudos.

No **período estival** reforzarase cunha programación específica, **ampliándose o horario e o grupo de idades dos/as destinatarios/as**. Realizaranse actividades específicas por idades, en función do seu desenvolvemento evolutivo e os seus intereses, e cun marcado carácter preventivo. Nestas actividades, que serán sobre todo lúdicas, preténdese traballar hábitos saudables de hixiene, alimentación, igualdade de xénero, rexeitamento de consumo de drogas e tamén outros valores como a solidariedade, a responsabilidade, a participación, etc.

Nesta nova edición se reforzarán as actividades promovidas por colectivos xuvenís (concertos, xogos de rol, monólogos, cosplay, trivial freak...)

O Programa Xuvenil de Lecer Alternativo de Vigo para a prevención de consumos aditivos en menores e novos, pretende ser unha actuación global que parte da idea de poder utilizar o tempo de lecer dos e as mozas como un espazo para a integración social e o desenvolvemento íntegro das persoas ás que vai dirixido.

Este programa integra varias actuacións coordinadas pola Concellaría de Mocidade, e colaborando o Plan Local de Drogas, Benestar Social, Igualdade, Deportes, Medio Ambiente e Cultura do Concello de Vigo, así como outras entidades relacionadas coa mocidade, que teñen unha serie de obxectivos e uns destinatarios comúns e que a través do traballo transversal trataremos de desenvolver unha serie de actuacións que consigan unha idónea estratexia de prevención .

As diferentes **actividades** serán **planificadas tendo en conta o desenvolvemento evolutivo, intereses e expectativas dos destinatarios así como a adecuación dos horarios ás características dos mesmos**.

Tamén se terá en conta a **experiencia e avaliación do programa en anos anteriores**, que facilitará a adecuación das actividades concretas ás necesidades dos/os usuarios/as e aos obxectivos do programa, así como as circunstancias da sociedade en cada momento.

Unha parte das actividades serán propostas polos mozos e mozas da cidade, ben sexa a nivel individual ou colectivo (agrupacións informais, asociacións ou colectivos xuvenís, vocalías xuvenís de asociacións veciñais, etc.).

É por iso que a programación xeral dará cabida a diversas actuacións que, á súa vez, dividiranse en bloques de actividades. Así, pois, podemos diferenciar:

Actividades de dinamización infantil e xuvenil en espazos municipais.

Espazos con actividades para nenos e nenas de 4 a 12 anos onde se traballan valores como: a igualdade, o respecto mutuo, o espírito crítico, o respecto ao medio ambiente, a actitudes e hábitos de conduta saudables, a tolerancia, etc.

Educación para a igualdade: traballando de forma transversal durante toda a práctica, a través de asembleas conxuntas, xogos de rol e xogos de confianza.

Educación para a saúde: tamén de ou de forma transversal durante toda a práctica, a través de hábitos de hixiene, narracións e as novas tecnoloxías.



Concello de Vigo

Coidado do medio ambiente: mediante saídas dirixidas, trabállase a importancia da reciclaxe e o uso responsable da auga.

Actividades específicas no verán.-

Características.- Actividades de lecer preventivo e alternativo en período estival. Realizarase en instalacións municipais, espazos públicos, asociacións, pavillóns deportivos e, nas actividades que así o requiran, nas instalacións de entidades privadas. Realizaranse en período estival, de xuño a setembro. Dado o seu carácter preventivo, as actividades irán dirixidas a menores e a mozas, establecendo tramos de idades en función das necesidades, intereses, expectativas e desenvolvemento evolutivo. Estas actividades serán sobre todo lúdicas, pero con compoñentes formativos, culturais, deportivos, musicais, ambientais e, sobre todo, con hábitos saudables e de valores positivos. Estas actividades tamén formativas, culturais, deportivas, musicais, artísticas, etc. e sempre de carácter preventivo con respecto ao consumo de drogas. Destacamos os seguintes bloques de actividades:

Actividades de prevención familiar, comunitaria e ambiental.-

Desenvolveranse actuacións de prevención estrutural ou ambiental que produzan cambios en diversas contornas físicas e sociais da cidade para favorecer comportamentos máis saudables na poboación, reducir o uso de drogas e outras condutas capaces de xerar adicción. Fomentarase tamén a prevención familiar, con programas específicos de socialización entre pais, nais e fillos, propiciando a mellora da comunicación, dado que a familia é un dos escenarios máis importantes para intervir en prevención.

a) Actividades deportivas e xogos.

Trátase de actividades que poidan funcionar complementaria e/ou substitutivamente das actividades lúdicas. Organizaranse espontaneamente (pachanga) ou por medio dunha liguiña, torneo ou cursos (cando o deporte para realizar así o precise). Potenciaranse as actividades físico-deportivas ao aire libre e as de auga. Propoñeranse diversos deportes colectivos (en función das instalacións), nos que se poidan incorporar criterios de entretemento, actividade física, integración de ambos os sexos, competitividade deportiva, etc.

Actividades: baloncesto mixto, pachangas (liguiñas de diferentes deportes, segundo a demanda), fútbol sala, patinaxe, skate, roller, xogos tradicionais, sendeirismo, parkour, remo, piragüismo etc. Realizaranse campamentos deportivos náuticos, aproveitando as praias da cidade.

b) Talleres .

Actividades a realizar en paralelo ás lúdicas e ás deportivas e xogos.

c) Actividades culturais.

Ofertarase un abanico de actividades alternativas de carácter cultural. Saídas e visitas a lugares de interese na cidade forman parte deste bloque de actividades.

Por todo elo, **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

1º.- “ A aprobación da solicitude dunha subvención de **405.272 €** para ou desenvolvemento do **Programa de prevención de consumos aditivos en menores e mozos do Concello de Vigo** dende xaneiro de 2022 ata 30 de setembro de 2023, sendo a achega municipal de **163.688 €** que representa ou 30% do custe total do programa.

2º.- Autorizar á Concelleira Delegada de Turismo e Xuventude, M^a del Carmen Lago Barreiro, a asinar a solicitude de subvención ante o Ministerio de Sanidade”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(637).- DESESTIMENTO DO LOTE 2 DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 9516/336.

A Xunta de Goberno Local, co quórum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Contratación e pola interventora adxunta, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación do servizo de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (expediente 8752-336), autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- O 23 de maio de 2019 a XGL acordou adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

O lote 5 Verán na praia 2 ten por obxecto o campamento de verán de 50 prazas a desenvolver en Alcabre.

Este contrato foi formalizado en data 28 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día 1 de xullo de 2019. Prevía un prazo de execución dun ano e catro prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4.A e C da FEC do PCAP). Na actualidade está en execución a terceira prórroga, aprobada por acordo da XGL de 19 de maio de 2022.

Terceiro.- En data 8 de xullo de 2022 a XGL acordou aprobar o expediente para a contratación por procedemento aberto e tramitación urxente do contrato de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro, autorizar o gasto e abrir a licitación (expediente 9516-336).

O contrato ten por obxecto a programación e execución de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de actividades vacacionais:

- LOTE 1: VERÁN EN SAMIL- 22 de agosto - 02 de setembro (50 participantes)
- LOTE 2: VERÁN EN ALCABRE.- 22 de agosto - 02 de setembro (50 participantes)
- LOTE 3: LUDOTECA EN VIGOZOO- 01-05/08 ,22-26/08. 2 quendas 30 = 60 participantes.
- LOTE 4: VERÁN EN NAVIA.- 22 de agosto - 02 de setembro (55 participantes)
- LOTE 5 : CAMPAMENTO URBANO. 01 ao 12 de agosto (250 participantes)

Cuarto.- En data 8 de xullo de 2022 publicouse o anuncio de licitación no perfil de contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e abriuse o prazo de presentación de ofertas.

Quinto.- En data 20 de xullo de 2022, a Mesa de Contratación procedeu a apertura administrativa e cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, e acórdase, por unanimidade:

a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. EXODEGA@GMAIL.COM (lote 1)
2. DANIELA ALVITE WAISMAN (lote 2)
3. XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 3 e 4)
4. SUPERNOVA ASISTENCIAS, S.L.U. (lote 5)
5. Asociación Centro Xuvenil Abertal (lote 5)

A continuación abriuse o sobre B "PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA. Na mesma sesión valoráronse as ofertas económicas e formulouse proposta de clasificación do citado procedemento na seguinte orde descendente:

- Lote nº 1: VERÁN EN SAMIL

	Licitador	Puntuación total
1	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DE GALICIA S.L.	100

- Lote nº2.- VERÁN EN ALCABRE

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	DANIELA ALVITE WAISMAN	LOTE 2	100

- Lote nº3.- LUDOTECA EN VIGOZOO

	Licitador	LOTE	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	LOTE 3	100

- Lote nº4.- VERÁN EN NAVIA



Concello de Vigo

	Licitador	LOTE	Puntuación total
4	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	LOTE 4	100

- Lote nº5.- CAMPAMENTO URBANO

	Licitador	LOTE	Puntuación total
5	SUPERNOVA ASISTENCIAS, SLU	LOTE 5	80
6	ASOCIACIÓN XUVENIL ABERTAL	LOTE 5	53,65

Sexto.- En data 21 de xullo de 2022, a Concelleira delegada de Contratación, por delegación de Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 aprobou a resolución de clasificación deste procedemento.

Sétimo.- En data 21 de xullo de 2022, a xefa do servizo de Xuventude coa conformidade da concelleira delegada de Xuventude, solicita ao Servizo de contratación a tramitación da proposta de non adxudicación do citado contrato nos seguintes termos:

“INFORME RELATIVO AO LOTE 2 DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE AGOSTO E SETEMBRO (EXPTE 9516-336)

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 23 de maio de 2019** acordou:

1.- “Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS) os **lotes 4 e 5** do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

Lote 5 Verán na praia II:

a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.

O lote 5 Verán na praia 2 ten por obxecto o campamento de verán de 50 prazas a desenvolver en Alcabre.

Este contrato foi formalizado en data 28 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día 1 de xullo de 2019.

Segundo.-A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **24 de xuño de 2021**, adoptou o acordo de “MODIFICACIÓN DOS LOTES 4, 5 e 6 DO CONTRATO PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS” Expte. 6625/241.A XGL na sesión de data 20/05/2022 aprobou o Programa de actividades de Verán Xove 2022 (expediente 9488-336) que inclúe catro quendas do campamento Verán en Alcabre para un total de 200 prazas,

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 19 de maio de 2022 aprobou “Prorrogar coas mesmas características e duración, para o **ano 2022** os contratos de:

- **Lote 4 “Verán na Praia I”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.
- **Lote 5 “Verán na Praia II”**, adxudicado a DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, ive incluído.

Cuarto.-- A XGL na sesión que tivo lugar o 08 de xullo de 2022 aprobou o expediente de contratación para a xestión de 465 prazas para os meses de agosto e setembro .Expte 9516-336

- Para a execución deste contrato establece os seguintes LOTES:

LOTE 1: VERÁN EN SAMIL- 22 de agosto – 02 de setembro (50 participantes)

LOTE 2: VERÁN EN ALCABRE.- 22 de agosto – 02 de setembro (50 participantes)

LOTE 3: LUDOTECA EN VIGOZOO- 01-05/08, 22-26/08. 2 quendas 30 = 60 participantes.

LOTE 4: VERÁN EN NAVIA.- 22 de agosto – 02 de setembro (55 participantes)

LOTE 5 : CAMPAMENTO URBANO. 01 ao 12 de agosto (250 participantes)

O lote 2 Verán en Alcabre ten por obxecto un campamento de verán de 50 prazas a desenvolver en Alcabre.



Concello de Vigo

Quinto.- O día 21 de xullo a Concelleira Delegada de Contratación adopta do seguinte acordo de Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto de servizos para organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (9.516-336) entre a que se encontra a correspondente ao Lote nº2.- VERÁN EN ALCABRE coincidente coas prestacións do Lote 5 Verán na praia II, xa adxudicado e prorrogado DANIELA ALVITE WAISMAN por un importe de 20.324,26 euros, iva incluído.

PROPOSTA

Comprobado por este Servizo que as prestacións correspondentes ao Lote 2: VERÁN EN ALCABRE.- 22/08-02/09 para 50 participantes, incluído neste procedemento xa foi adxudicado dentro do expediente 8752-336 (Lote 5: verán na praia II) modificado no expediente 6625-241, e prorrogado no expediente 9475-336 para o ano 2022, solicítase que se propoña o desestimento da adxudicación do mesmo, posto que é obxecto doutro contrato en vigor (expediente 8752-336 e expediente 9475-336)".

Oitavo.- En data 21 de xullo de 2022, DANIELA ALVITE WAISMAN, primeira clasificada no lote 2, no trámite de audiencia conferido ao efecto, manifesta a súa conformidade coa proposta de desistencia deste procedemento formulada polo servizo xestor por mor do erro material consignado no seu informe de data 21 de xullo de 2022, reproducido no antecedente sétimo deste escrito.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:

- Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
- En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.

3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Como se ten dito, este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia e a desistencia. A principal diferenza entre ambas é que a renuncia supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.

Afirma ó respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1125/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales que:

“La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado –al igual que el desistimiento– antes de la adjudicación del contrato, para evitar lesionar derechos y no meras expectativas, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.

Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto. En relación con el desistimiento este Tribunal ha señalado (Resolución 323/2016, de 29 de abril) que “se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurren los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato”. En idénticos términos se pronuncia la Resolución de este Tribunal 697/2018 dictada en el recurso 622/2018”.



Concello de Vigo

-II-

**DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A
DESISTENCIA DO LOTE 2 DO PROCEDIMENTO ABERTO DE SERVIZOS PARA A
ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES DE VERÁN NOS MESES DE
AGOSTO E SETEMBRO**

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a desistencia do lote 2 do procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o lote 2 deste contrato aínda non se formalizou. Neste intre está aprobada a clasificación dos licitadores deste procedemento por orde descendente en resolución da Concelleira Delegada de Contratación de data 21 de xullo de 2022.

b) Causa:

A causa alegada para a desistencia do contrato está fundada nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. As prestacións obxecto do lote 2, o campamento de verán en Alcabre, é obxecto doutro contrato. En concreto correspóndese co lote Lote 5 “Verán na praia II” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019, tramitado como expediente 8.752-336. Ambos teñen por obxecto 50 prazas para un campamento de verán a desenvolver na praia de Alcabre.

Neste intre este lote está clasificado por resolución da Concelleira delegada de Contratación de 21 de xullo de 2022, e pendente de requirimento de documentación ao primeiro clasificado.

Como se pode apreciar do relato fáctico realizado, a identidade total existente entre o obxecto do lote 5 do contrato xa adxudicado e o lote 2 do contrato en fase de licitación determina unha infracción das normas de preparación do contrato, en concreto de:

- O artigo 28.1 da LCSP que establece a esixencia da idoneidade do obxecto para satisfacer as necesidades públicas que pretenden satisfacerse co contrato, así como a súa determinación.
- O artigo 99.1 que establece que o obxecto dos contratos sexa determinado.
- O artigo 116.2 que determina que o expediente deberá referirse a totalidade do obxecto do contrato.

Nesta liña, a doutrina xurisprudencial do Tribunal Supremo, por todas citaremos STS 825/2020 da Sala do Contencioso-administrativo, de 10 de marzo de 2020, determina que:

“Entendemos que el artículo 155.4 no regula ni impone de manera directa la necesidad de resolución previa de los contratos anteriores incompatibles con el que se pretende licitar, sino que lo que hace es algo diferente, conceder a la Administración la posibilidad de desistir de la adjudicación de contratos que tengan vicios no subsanables que afecten a su preparación. Es decir, la posibilidad de desistimiento en supuestos de la citada incompatibilidad.

Por tanto, ésta primera reflexión nos avocaría directamente al análisis de la segunda de las cuestiones. No obstante, nuestra tarea interpretativa del citado precepto legal debe alcanzar también a los que regulan la fase de preparación, que son los que imponen la idoneidad y determinación del objeto de los contratos y que, en definitiva, son los que determinan la necesidad de que las administraciones velen por la idoneidad y determinación del objeto de los contratos que quieren concertar. Los preceptos antes transcritos -109, 22 y 86- permiten afirmar que existe claramente una exigencia legal de que las administraciones dispongan de un objeto contractual válido por idóneo y determinado, de manera que no es imposible afirmar que las propias administraciones deberían solventar los problemas existentes y que afecten al objeto del contrato antes de proceder a su licitación. Ahora bien, coexistiendo con esa obligación y quizá por ello, por la necesidad de que no se celebren contratos en los que podría concurrir un vicio sobre el objeto del contrato, el legislador de 2011 ha regulado el desistimiento, no como causa de resolución, sino como medio o remedio para poner fin, antes de la adjudicación, a procedimientos afectados por vicios no subsanables. Con ello, sin duda, se garantiza mejor el principio de eficacia del actuar administrativo consagrado en el artículo 103.1 de la Constitución Española, pues se contribuye de manera definitiva a evitar tanto la tramitación íntegra de un expediente de contratación que no podrá ejecutarse, como los mayores perjuicios que una contratación inviable pueda llegar a ocasionar a la administración.

El desistimiento no es una prerrogativa de la Administración, pues el artículo 210 del Real Decreto Legislativo 3/2011 solo recoge las de interpretación, modificación y resolución de los contratos. Se trata de una potestad reglada, y debe estar basada en razones objetivas. Se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Desde esta perspectiva, es admisible que las administraciones, en aquellos casos en que hayan iniciado un nuevo procedimiento de contratación y luego adviertan que en su preparación concurre un vicio insubsanable en su preparación, incluso aunque lo sea desde el primer momento, deban proceder al desistimiento con



Concello de Vigo

la asunción de las obligaciones legales impuestas -indemnización-. Por tanto, en respuesta a las cuestiones de interés casacional debemos decir:

(i) que el artículo 155.4 del TRLCSP de 2011 no regula o impone de manera directa la necesidad de resolución previa de los contratos anteriores incompatibles con el que se pretende licitar, sino que lo que hace es algo diferente, conceder a la Administración la posibilidad de desistir de la adjudicación de contratos que tengan vicios no subsanables que afecten a su preparación;

(ii) que la incompatibilidad de objeto del contrato que se pretende licitar con otro anterior vigente puede suponer la concurrencia de una infracción o vicio insubsanable de las normas de preparación del nuevo contrato que permite acordar el desistimiento del procedimiento de adjudicación. Y, ciñéndonos al caso concreto, debemos determinar si en la contratación de la "Ciudad de la Justicia de Madrid" concurría un vicio no subsanable en su preparación que justifique el desistimiento acordado por la administración de la Comunidad Autónoma de Madrid, partiendo de que así lo ha entendido la sentencia impugnada por la incompatibilidad de los contratos en razón de su objeto, rechazando que la solución fuese la necesidad de resolver el contrato inicial".

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concurrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

-III-

DOS EFECTOS DA DESISTENCIA DO CONTRATO

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a desistencia do procedemento aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP). Como se indicou nos antecedentes este lote está clasificado por resolución da Concelleira delegada de Contratación de 21 de xullo de 2022.

A lei determina que deberá compensarse aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incor nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. As prestacións obxecto do lote 2, o campamento de rido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares (artigo 152.2 LCSP). Nesta liña prevé a cláusula 12.3 do PCAP que rexe esta contratación que *"esta indemnización non superará en ningún caso a cantidade de 100 euros"*.

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.-Decidir non adxudicar o lote 2 do procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de agosto e setembro (expediente 9516-336) polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.

2º.- Iniciar os trámites correspondentes para, se procedese, compensar aos licitadores ou candidatos aptos para participar na licitación dos gastos nos que tivesen incorrido na forma prevista no prego de cláusulas administrativas particulares”.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(638).- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/rs-me

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez